Concello de Vigo
Expte. 4530/1101

**ACTA**

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 13/2024**

**SESIÓN ORDINARIA DO 29 DE XULLO DE 2024**

**ORDE DO DÍA**

**1.** **Actas anteriores:** Ordinaria do 24 de xuño e extraordinaria do 19 de xullo de 2024.

**PARTE RESOLUTIVA**

**Ditames das comisións informativas**:

SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

**2.** Recoñecemento de compatibilidade para actividade privada a persoal municipal en réxime de interinidade. Expte. 44694/220 (Expte. Pleno 4509/1101).

ORZAMENTOS E FACENDA

**3.** Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Vigo, correspondente ao segundo trimestre do ano 2024. Expte. 28432/541 (Expte. Pleno 4512/1101).

URBANISMO

**4.** Aprobación inicial de Crédito Extraordinario financiado con cargo ao Remanente líquido de Tesourería. Expte. 16787/407 (Expte. Pleno 4510/1101).

**5.** Aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma interior da Unidade de Actuación UA-1 CEAN (Coruxo) prevista no PXOU/93. Expte. 17983/411 (Expte. Pleno 4511/1101).

**Mocións:**

**6.** Moción do grupo municipal do BNG para solicitar o rescate da AP-9 e a súa transferencia a Galiza. Expte. Pleno 4534/1101.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/09/2024 12:34 | Páxina 1 de 111 |
| 4594-1101 | CSV: A4A75F-5BEBCD-3B412D-BEM89N-TWT7B4-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**7.** Moción do grupo municipal Socialista instando esixirlle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional que non peche a aula de 4º de Infantil do CEIP Balaídos e sega mantendo a dobre liña educativa. Expte. Pleno 4536/1101.

**8.** Moción do grupo municipal Socialista, rexeitando o intento da Xunta de Galicia de subirnos a taxa de SOGAMA de forma desproporcionada, manter o canon actual e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4537/1101.

**9.** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a incrementar de forma inmediata os recursos humanos na área sanitaria de Vigo, nas especialidades de saúde mental. Expte. Pleno 4538/1101.

## PARTE DE CONTROL

**Mocións.**

**10.** Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Concello de Vigo, orzamentar e acometer de xeito urxente a reforma integral comprometida no 2010 da rúa Cesáreo Vázquez, renovando o pavimento e as tubaxes das acometidas. Expte. Pleno 4535/1101.

**Resolucións.**

**11.** Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/06/24 e o 21/07/24 , incluidas no expediente 1713/1102 (Expte. Pleno 4540/1101)

**12.** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 17/06/24 e o 21/07/24, incluidas no expediente 1714/1102 (Expte. Pleno 4541/1101)

**13.** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de modificación dos membros da Xunta de Goberno Local. Expte. 1485/1102 (Expte. Pleno 4513/1101).

**14.** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de nomeamento Tenentes de Alcalde. Expte. 1488/1102 (Expte. Pleno 4514/1101).

**15.** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4515/1101).

**16.** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde no Segundo Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4516/1101).

**17.** Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24**,** de delegación de competencias específicas do Alcalde na Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4517/1101)

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

18. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4518/1101).

19. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4519/1101).

20. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4520/1101).

21. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na concelleira da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4521/1101).

22. Dar conta do acorda da Xunta de Goberno Local, de data 28.06.24, de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e nos concelleiros/as delegados/as. Expte. 1483/1102 (Expte. Pleno 4522/1101).

23. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, da estrutura da Administración do Concello de Vigo. Delegación de competencias (2023-2027). Expte. 1482/1102 (Expte. Pleno 4523/1101).

24. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 1.07.24, da estrutura da Administración do Concello de Vigo. Delegación de competencias (2023-2027). Expte. 1482/1102 (Expte. Pleno 4524/1101).

25. **Formulación de rogos.**

26. **Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde

Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, Mª Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.ª del Carmen
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, Mª Carmen
Pérez Igrexas, Xabier

O concelleiro do grupo municipal Socialista, D. José Manuel Fernández Pérez, incorpórase telematicamente no punto tres (3) da orde do día.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos (09:10) do día vinte e nove de xullo do ano dous mil vinte e catro (29/07/2024), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención a Viceinterventora municipal, dona Olga Gómez Corbal, e pola Secretaría o Secretario de Administración municipal, don Jose Villán Fuertes, que actúa como Secretario Xeral do Pleno e dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

*.- ***Incidencia.*** *Antes do inicio da sesión, e a iniciativa do Sr. Alcalde-Presidente, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas do naufraxio do buque pesqueiro Argos Georgia, en Maldivas, onde faleceu un veciño de Vigo.*

**1.(116). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 24 DE XUÑO E EXTRAORDINARIA DO 19 DE XULLO DE 2024.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (26) da Corporación, con dereito a voto neste asunto da orde do día, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 11/2024 ordinaria, celebrada o 24/06/24.
- Sesión núm. 12/2024 extraordinaria, celebrada o 19/07/24.

## PARTE RESOLUTIVA

**DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

## 2.(117). RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE PARA ACTIVIDADE PRIVADA A PERSOAL MUNICIPAL EN RÉXIME DE INTERINIDADE. EXPTE. 44694/220 (EXPTE. PLENO 4509/1101).

A proposta de data vinte e cinco de xuño (25/06/24) do expediente 44694/220 foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data vinte e dous de xullo de 2024 (22/07/24)

Sen debate e sometido directamente o asunto a

VOTACIÓN: Con vinte e tres votos (23) a favor, dezaoito votos (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia e cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta a seguinte **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Estimar a solicitude de compatibilidade presentada por Dª S. RODRÍGUEZ PRIETO, con nº de persoal 80638 e DNI núm.:***7120**, nomeada como funcionaria interina municipal con praza e posto de ordenanza porteiro/a (Agrupación profesional, Grupo E), co traballo no sector privado a tempo parcial como axudante camareira (Convenio colectivo Hostelería), en xornada de tres horas semanais durante as fins de semana, na empresa "Corbatas Vigo SL", CIF B-******31 , perdendo o seu efecto esta autorización no suposto en se modifiquen algunha das circunstancias actuais declaradas.

**SEGUNDO.-** A autorización non poderá conlevar diminución da xornada normal de traballo, nin afectar ao seu horario, nin superar as retribucións brutas anuais por ambos dous postos nos limites reseñados.

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada indicándoselle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

## 3.(118). DAR CONTA DO INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2024. EXPTE. 28432/541 (EXPTE. PLENO 4512/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de Tesourería, de data 10.07.24, que di o que segue,

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**“LEXISLACIÓN APLICABLE.-**

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regulamenta o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

**INFORME.-**

**I Ámbito subxectivo**

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**II.- Ámbito obxectivo.**

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluirá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución,

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regulamenta o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al ccumplimientode los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

**III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.**

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

*(…….)*

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (…)”*

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

*del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio".*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*"Disposición adicional quinta. Plazo de pago a proveedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días."*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas, empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, é o seguinte:

**Para as que se atopen pagadas ao final do período de cómputo**

a) A data de conformidade das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.

b) A data de conformidade dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**Para as pendentes de pago**

Pendentes de pago e conformadas: desde data de conformidade até o último día do período de cómputo, agás, que os días transcurridos desde data rexistro até conformidade, sexa superior aos días transcorridos dende a data de rexistro +30, nese caso, a data de cómputo é a de data de rexistro +30 até o último día do período de cómputo.

Pedientes de pago e non conformadas ao final de período de cómputo: Se, desde data de entrada en rexistro contable de facturas até final do período de cómputo é menor que data rexistro+30, non computa no PMP.

Se, desde data de entrada en rexistro até final do período de cómputo é mayor que data rexistro+30, o número de días de cómputo é desde data rexistro+30 até final do período de cómputo.

Cando se pague esta factura, coa comformidade, os días de cómputo son desde data rexistro+30 até a data de pago.

O criterio de rexistro + 30, e o prazo que ten a Administración como máximo para dar conformidade, polo que, a partires desa data, a factura entra no cálculo do PMP, a data que ten a administración para conformar é a prevista no artigo 198.4 de la LCSP.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á conformidade da factura, ademais, deberá conformar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

**IV.- Estrutura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.**

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio(www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluirá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a anotación no rexistro da plataforma FACe ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

**V.- Datos correspondentes ao 2º trimestre do ano 2024.**

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2024 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU ), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

| Situación | Entidade Local | X. M. Urbanismo | F. MARCO | C. BUREAU |
|---|---|---|---|---|
| **Pagos feitos no trimestre** | | | | |
| *Dentro do período legal de pagos* | | | | |
| Nº de pagos | 1,321 | 86 | 140 | 64 |
| Importe dos pagos | 37,831,902.60 | 451,813.68 | 139,906.67 | 43,197.29 |
| *Fora do período legal de pagos* | | | | |
| Nº de pagos | 42 | | 5 | 0 |
| Importe | 712,740.72 | | 5,321.87 | .00 |
| **PMP (período medio de pago do trimestre)** | **10,42 días** | **8,93 días** | **11,72 días** | **5,22 días** |
| **Intereses de demora pagados no trimestre** | | | | |
| Nº de pagos | .00 | .00 | .00 | .00 |
| Importe | .00 | .00 | .00 | .00 |
| **Pagos pendentes ao remate do trimestre** | | | | |
| *Dentro do período legal de pagos* | | | | |
| Nº de pagos | 236 | 26 | 15 | 0 |
| Importe dos pagos | 4,542,360.76 | 151,496.27 | 28,346.39 | .00 |

| *Fora do período legal de pagos* | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Nº de pagos | 13 | 0 | 0 | 0 |
| Importe | 150,729.20 | .00 | .00 | .00 |
| **PMPP (Período medio pendente de pago do trimestre** | **12,67 días** | **12,63 días** | **13,60 días** | **0,00 días** |

O “Período *medio de pago*” dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FACe ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

### Resumo por trimestres de morosidade, en días

| Trimestre | Entidade | | Entidade | | Entidade | | Entidade | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Concello | | XMU | | F. MARCO | | F. C.BUREAU | |
| | Días | | Días | | Días | | Días | |
| | PMP | PMPP | PMP | PMPP | PMP | PMPP | PMP | PMPP |
| Primeiro | 9.74 | 21.08 | 21.06 | 2.44 | 7.24 | 8.40 | 10.75 | 0.00 |
| Segundo | 10.42 | 12.67 | 8.93 | 12.63 | 11.72 | 13.60 | 5.22 | 0.00 |
| Terceiro | | | | | | | | |
| Cuarto | | | | | | | | |

### En contías e nº de pagos

| Trimestre | Entidade | | Entidade | | Entidade | | Entidade | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Concello | | XMU | | F. MARCO | | F. C.BUREAU | |
| | Importe | | Importe | | Importe | | Importe | |
| | pagado | pt. pago | pagado | pt. pago | pagado | pt. pago | pagado | pt. pago |
| **Primeiro** | 24,526,644.15 | 5,235,215.01 | 354,404.42 | 55,259.64 | 156,026.25 | 2,526.43 | 253,408.82 | .00 |
| Nº pagos | 1,028 | 240 | 65 | 15 | 139 | 1 | 43 | 0 |
| **Segundo** | 38,544,643.32 | 4,693,089.96 | 451,813.68 | 151,496.27 | 145,228.54 | 28,346.39 | 43,197.29 | .00 |
| Nº pagos | 1,363 | 249 | 86 | 26 | 145 | 15 | 64 | 0 |
| **Terceiro** | | | | | | | | |
| Nº pagos | | | | | | | | |
| **Cuarto** | | | | | | | | |
| Nº pagos | | | | | | | | |

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desa data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso, se se esgotasen os prazos previstos para a aprobación e para o pago, se disporían de 60 días.

No trimestre dáse cumprimento ao prazo legal de pago.

**Achégase igualmente os datos dos días de pago tanto en períodos mensuais como en contías en relación co Real Decreto 635/2014.**

Días de pago para o grupo de consolidación conformado pola Entidade Local Concello de Vigo, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación MARCO, Fundación e Fundación CONVENTION BUREAU.

Por **días** de pago para o grupo de consolidación, conformado polo ratio de pago e o pendente de pago.

| PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2023 | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Institución** | **Xaneiro** | **Febreiro** | **Marzo** | **Abril** | **Maio** | **Xuño** | **Xullo** | **Agosto** | **setembro** | **outubro** | **Novembro** | **Decembro** |
| Ent. Local | 9.47 | 6.58 | 19.14 | 15.28 | 8.63 | 7.45 | | | | | | |
| MARCO | 23.40 | 31.85 | 25.28 | 10.28 | 17.91 | 11.23 | | | | | | |
| XMU | 18.95 | 2.77 | 7.80 | 4.80 | 5.18 | 9.25 | | | | | | |
| V. C.BUR. | 19.14 | 10.60 | 2.50 | 3.75 | 8.82 | 5.93 | | | | | | |
| **PMP Global** | **10.03** | **6.71** | **19.08** | **18.14** | **8.59** | **7.51** | | | | | | |

Por **contías** pagadas e pendentes de pago ao remate do período, ano 2024

| Mes | INSTITUCIÓN | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Concello | | XMU | | F. MARCO | | F. C.BUREAU | |
| | Importe | | Importe | | Importe | | Importe | |
| | Pagado | Pte.pago | Pagado | Pte.pago | Pagado | Pte.pago | Pagado | Pte.pago |
| Xaneiro | 7,550,444.31 | 2,459,204.85 | 245,525.15 | 42,229.96 | 12,065.11 | 47,434.22 | 249,096.52 | 0.00 |
| Febreiro | 12,823,151.44 | 3,513,411.45 | 49,906.55 | 59,324.79 | 54,090.52 | 48,337.97 | 2,640.93 | 0.00 |
| Marzo | 6,817,787.05 | 5,288,235.69 | 60,969.91 | 55,259.64 | 89,870.62 | 2,526.43 | 1,671.37 | 0.00 |
| Abril | 16,306,752.93 | 2,571,343.07 | 82,011.75 | 75,078.86 | 64,014.09 | 18,639.40 | 11,149.59 | 6,913.32 |
| Maio | 14,478,535.10 | 1,302,352.65 | 96,137.62 | 209,297.35 | 47,804.90 | 1,741.53 | 26,558.76 | 0.00 |
| Xuño | 11,902,088.83 | 4,693,089.96 | 273,664.31 | 151,496.27 | 33,409.55 | 28,346.39 | 5,488.94 | 0.00 |
| Xullo | | | | | | | | |
| Agosto | | | | | | | | |
| Setembro | | | | | | | | |
| Outubro | | | | | | | | |
| Novembro | | | | | | | | |
| Decembro | | | | | | | | |
| TOTAL | 69,878,759.66 | | 808,215.29 | | 301,254.79 | | 296,606.11 | |

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferencia é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

*A* Presidencia da conta ao Pleno da Corporación do informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos das obrigas do Concello de Vigo, correspondente ao 2º trimestre do ano 2024. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

***.- Incidencia.** *Sendo as 10:15 h., incorpórase por asistencia telemática o concelleiro do grupo municipal Socialista D. José Manuel Fernández Pérez . Continúa o debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia dos vinte e sete concelleiros (27) que constitúen o seu número legal de dereito.*

**4.(119). APROBACIÓN INICIAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA. EXPTE. 16787/407 (EXPTE. PLENO 4510/1101).**

ANTECEDENTES: Con data 06.06.24, o xefe da oficina de Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo co conforme do Xerente de Urbanismo, emiten o seguinte informe proposta;

"Vista a resolución da Vicepresidente de Urbanismo, incoando expediente de modificación orzamentaria, de conformidade co disposto polo artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFFLL), emítese o seguinte informe:

1º) Os gastos que se pretende incluír no Orzamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen prexuízo para os intereses xerais da Entidade, por ser urxentes e de necesaria realización. No informe da unidade xestora do gasto e na memoria-incoación deste expediente exprésase o carácter específico e determinado do gasto.

2º) Dado o carácter inaprazable deste gastos e, ao mesmo tempo, necesario que sexan executados en este exercicio, sen que deba ter incidencia nos sucesivos exercicios.

3º) O importe de 885.130,05 euros destínase as seguintes partidas:

| Partida | Concepto | Créd.inicial | Alta |
|---|---|---|---|
| 1510.6000005 | Investimentos en terreos IFEVI-Lagares | 0,00 € | 215.130,05 € |
| 1510.6090005 | Investimentos en actuación urbanísticas | 0,00 € | 520.000,00 € |

1510.7800002   Axudas acondicionamento vivendas para alugueiro  0,00 €   150.000,00 €

TOTAL = 885.130,05 €

4º) A presente modificación supón un crédito extraordinario de  885.130,05  euros, polo   que a competencia de aprobación correspóndelle ao Pleno, de acordo co establecido polo citado artigo 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais (aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) e tendo que seguir os trámites e requisitos de publicidade establecidos polo artigo 169 do citado Texto Refundido para a aprobación do Orzamento.

5º) O financiamento desta modificación realizarase mediante o remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao artigo 177.4 do citado TRLFFLL. O remanente líquido de tesourería para gastos xerais a 31 de decembro de 2023, segundo a Liquidación dese exercicio, era de 10.997.801,22 euros (resolución do Alcalde-Presidente de 07.02.2024, anexada ó expediente 16392/407). Deste importe  utilizouse 897.554,88 euros nos expedientes de incorporación de remanentes, e de crédito extraordinario (16430/407 e 16520/407).

En consecuencia, proponse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo que eleve á Xunta de Goberno Local a proposta de adopción polo Pleno do seguinte acordo...”:

De seguido o funcionario informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. Con data 06 de xuño de 2024, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

Voto particular presentado polo Grupo Municipal do BNG de data 17/06/2024 có número de rexistro do pleno 4468/1101.

***“VOTO PARTICULAR***

para a súa defensa ante o Pleno ao ditame do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 11 de xuño de 2024, relativo á ***APROBACIÓN INICIAL DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA (EXPTE. 16787/407),*** formulando a seguinte

*EMENDA PARCIAL*

**ÚNICA.-** Co obxectivo de permitir a cumprida execución dos acordos recollidos na moción promovida polo BNG con *MEDIDAS PARA FREAR O AUMENTO DO PREZO DOS ALUGUEIROS E FACILITAR O ACCESO SOCIAL Á VIVENDA NA CIDADE*, que resultou aprobada polo Pleno ordinario do 25 de marzo de 2024 e cuxo contido dáse por reproducido, ENGADIR á proposta de aplicación dos fondos que conforman a modificación orzamentaria ditaminada o seguinte uso e importe:

| XESTOR | EMPREGO | IMPORTE |
|---|---|---|
| XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO | Creación e dotación económica da Axencia Local de Vivenda Protexida e Social, como ente dedicado, entre outros, á promoción e xestión dun parque público de vivenda protexida e social e incluíndo o | 25.000.000,00 € |

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| | despregamento de axudas públicas dentro dun Programa Facilitador do Alugueiro. | |

Este incremento do gasto financiarase a cargo de aumentar a utilización de remanentes líquidos de tesourería, recollida na proposta, en 25.000.000,00 euros adicionais."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN VOTO PARTICULAR DO BNG:

Con tres votos (3) a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Pérez Igrexas, Martínez Piñeiro, cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, García González, Sánchez Méndez, Martín Peña, González Abeijón e Benavides Alonso, e dezanove votos (19) en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, queda rexeitado o voto particular.

VOTACIÓN PROPOSTA:

Con vintecatro votos (24) a favor, dezanove votos (19) dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, García González, Sánchez Méndez, Martín Peña, González Abeijón e Benavides Alonso, e tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar inicialmente o crédito extraordinario por importe total de 885.130,05 euros, financiado mediante a aplicación do remanente líquido de tesourería para gastos xerais, conforme ao expresado neste informe-proposta.

**5.(120). APROBACIÓN DEFINITIVA DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DA UNIDADE DE ACTUACIÓN UA-1 CEAN (CORUXO) PREVISTA NO PXOU/93. EXPTE. 17983/411 (EXPTE. PLENO 4511/1101).**

ANTECEDENTES: O 19 de xuño do 2024 a técnica de administración xeral e a xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico, co conforme do xerente de Urbanismo e da concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, emiten o seguinte informe proposta,

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

"Examinado o presente expediente, promovido pola iniciativa particular da "Xunta de Compensación da UA-1- CEÁN",e á vista da derradeira documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo, con data do 16.02.2024,- COD.SOL: W1063205-3212 e Doc. Núm. 240061931- que inclúe a documentación preceptiva en soporte dixital, aos efectos de proceder á aprobación definitiva do dito instrumento de planeamento, procédese á emisión do seguinte Informe xurídico con proposta de acordo,

**I. Información urbanística vixente**

A) Planeamento xeral municipal

Con data do 10.11.2015, o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación núm. 1658/2014, pola que se declarou a nulidade do PXOM de 2008, o cal significou a reviviscencia do PXOM de 1993, nomeado de *"Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXO- 88 á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia"* aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29.04.1993 (DOG do 10.05.1993e BOP do 14.07.1993), xunto coas súas modificacións puntuais definitivamente aprobadas.

No citado e vixente PXOU-93, delimítase a «Unidade de Actuación en Solo Urbano D SU UA-1 CEÁN» como unha das actuacións de reforma interior previstas na parroquia de "Coruxo", dentro do núcleo rural existente de recente formación "Carrasqueira", co obxecto de ordenar o espazo baleiro existente ao carón da estrada do VAO EP-2003;A ordenación do ámbito desta unidade de actuación a remite o PXOU á redacción dun Estudo de Detalle, previsión que non ten acomodo no vixente marco legal, que exixiu da redacción dun "Plan Especial de Reforma Interior".

O presente instrumento de planeamento de desenvolvemento, se tramita a instancia da Xunta de compensación da AOD A-2-21 Cean, propietaria única do ámbito; Obra no expediente, escritura de elevación a público dos acordos sociais adoptados pola Asemblea xeral da Xunta de Compensación celebrada o 08.10.2020, efectuada perante o notario de Vigo don Fernando Olmedo Castañeda o 10.02.2020 ao número 405 do seu protocolo, no que entre outros, figura o acordo de proceder á presentación por parte da Xunta de compensación perante as entidades urbanísticas o instrumento de planeamento Plan Especial de Reforma interior da unidade de actuación D SU AU.1 Cean, na parroquia de Coruxo, Vigo.

**II. Actuacións administrativas realizadas**

A) Procedemento ambiental

Con data do 22 de marzo de 2021, a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo ditou Resolución, pola que se dispuxo "*(..)incoar formalmente o procedemento administrativo correspondente á tramitación do " Plan Especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación UA-1 Ceán, Vigo"instrumento de iniciativa particular formulado pola Xunta de compensación da AOD A-2-21 CEAN, en virtude da facultade conferida polo artigo 74 da LSG, en atención ao instado verbo da remisión da documentación técnica presentada- Borrador e DAE redactada pola empresa "Ordenación Territorial, Infraestruturas e Medio Ambiente, SL (OTIMA, SL), asinada dixitalmente con firma válida polo arquitecto director dos traballos D. Diego Rivas Pérez,- ao órgano ambiental correspondente da Xunta de Galicia, en solicitude do inicio do trámite de Avaliación ambiental* simplificada (..)".

En cumprimento do Resolto, mediante oficio do 20.05.2021 (Not.Núm. 7595/2021) procedeuse á remitir á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia a "Solicitude de inicio da avaliación ambiental" xunto co correspondente Borrador do PERI e o Documento Ambiental Estratéxico (DAE).

En cumprimento do instado por esta administración, con data do 26.07.2021 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formula o **"**Informe Ambiental Estratéxico" relativo ao PERI e resolve non sometelo ao procedemento de avaliación estratéxica ordinaria, xa que non se prevén efectos ambientais significativos

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

( DOG núm. 155 do 13.08.2021). O 29.07.2021 consta recepción do oficio a esta administración remitindo o amentado informe ambiental estratéxico,ao que xunta os informes e comentarios recibidos durante o preceptivo período de consulta (informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e informe do Instituto de Estudos do Territorio).

B) Da aprobación inicial

B.1)Informes sectoriais previos ao trámite de aprobación inicial

Con carácter previo a aprobación inicial do presente instrumento de planeamento, e de conformidade co previsto no Anexo 2- Táboa 2 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia, (RD143/2016) e consonte a lexislación sectorial que resultan de aplicación, solicitáronse ás administracións que deseguido se relacionan a emisión do/s correspondente/s informe/s, no eido das competencias sectoriais que teñen conferidas:

- Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF); informe de data 13.01.2023, en aplicación do previsto na Lei 38/2015 do sector ferroviario, de carácter favorable, no que conclúe que a actuación non afecta ás liñas ferroviarias que discorren polo municipio.

- Dirección xeral de Aviación Civil; informe de data 10.03.2023, en aplicación do previsto na Disposición Adicional Segunda do RD 2591/1998, no que a servidumes aeronáuticas se refire, de carácter favorable, establecendo unha serie de consideracións/ observacións.

- Unidade de Estradas do Estado de Pontevedra; informe de data 10.02.2023, de carácter favorable á actuación proposta.

- Servizo Provincial de Costas en Pontevedra; Informe de data 23.07.2023, de suxestións e observacións, en aplicación do previsto nos artigos 112 e 117.1c) da Lei de Costas.

- Augas de Galicia; Informe de data 31.03.2023, no que sinalan a non procedencia de emisión de informe no presente trámite, sendo necesario que se solicite unha vez aprobado inicialmente.

- Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (Costas); Informe de data 20.12.2022, emitido pola Dirección xeral do Territorio e Urbanismo, en aplicación do previsto no artigo 117.1 da Lei de Costas, no que non formula obxeccións, sinalando que se remita un exemplar debidamente dilixenciado inmediatamente antes da súa aprobación definitiva.

- Delegación do Goberno en Galicia; Informe de data 01.03.2023, no que sinala a non incidencia do PERI, ao que xunta: Informe de data 10.01.2023 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas en aplicación da Lei 24/2013, do sector eléctrico; e informe de data 25.01.2023 da Secretaría xeral de telecomunicacións e ordenación dos servizos da comunicación audiovisual, de carácter favorable, en aplicación do previsto no artigo 50.2 da Lei 11/2022 de telecomunicacións.

B.2) Da aprobación inicial

Con data 08.09.2023 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo: *PRIMEIRO:Prestar aprobación, con carácter inicial ao «Plan especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación UA-1 CEÁN», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola súa Xunta de Compensación, que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro xeral desta Xerencia municipal de urbanismo con data do 22.02.2022 - Doc. Núm. 220289647-, elaborada conxuntamente con data xullo e novembro de 2022 por “OPTIMA S.L” e “SONEN SL”, respectivamente (Estudo acústico), e asinada con firma dixital válida polos arquitectos Diego Rivas Pérez e Pablo Gómez Pérez;SEGUNDO:Someter a información pública o presente expediente, polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de senllos anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, e*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

*na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaria xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente. Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.*
*Á vista do resultado dos trámites anteriores, resolverase sobre a procedencia de introducir no Documento de Modificación as rectificacións pertinentes cuxo alcance, determinará, no seu caso, a oportunidade e procedencia dun novo trámite de información pública e requirimento de informes, artigo 144.12 RLSG.* (..)".

Deste xeito, e en cumprimento do acordado, procedeuse á apertura do correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios no "Faro de Vigo" do 29.09.2023, no Diario Oficial de Galicia núm. 198, do 18.10.2023, na Web municipal, e na sede electrónica do Concello de Vigo, así como á notificación individualizada aos titulares catastrais dos terreos segundo relación incorporada ao expediente; Asemade, procedeuse a recadar os informes sectoriais que resultan preceptivos nesta fase do procedemento, do xeito e co resultado que se indicará no corpo da presente.

Neste senso, consta incorporado ao expediente dixital de razón, dilixencia da xefa da oficina de rexistro da XMU de data 16.01.2024, na que fai constar que *"(..) o "Plan Especial de reforma interior da unidade de actuación UA-1 Ceán" someteuse ao trámite de información pública, mediante anuncios publicados nun dos xornais de maior difusión da provincia (Faro de Vigo do 29 de setembro de 2023), no Diario Oficial de Galicia (número 198, do 18 de outubro de 2023), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal.*

*Durante o dito prazo presentáronse os seguintes escritos de alegacións:*

| *Data rexistro entrada* | *Número de documento e código de solicitude* | *Interesado* |
|---|---|---|
| *05/12/2023* | *230396966* | *Emilio Pérez Pérez, rpte dos/das veciños/as domiciliados/as no camiño do Ceán* |

En base a mesma, con data do 18.01.2024 o Secretario accidental da XMU co visto e prace da Concelleira delegada da área de urbanismo e vivenda, subscribe certificado de fin de exposición pública, do seguinte teor literal,

*"Que, durante o período de información pública do expediente núm. 17983/411, do "Plan Especial de reforma interior da unidade de actuación UA-1 Ceán", aberto polo prazo de dous (2) meses, mediante a publicación de anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo, do 29 de setembro de 2023), no Diario Oficial de Galicia (número 198, do 18 de outubro de 2023) e na sede electrónica do Concello de Vigo, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 16 de xaneiro de 2024, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, presentáronse os seguintes escritos de alegación:*

| *Data rexistro entrada* | *Número de documento e código de solicitude* | *Interesado* |
|---|---|---|
| *05/12/2023* | *230396966* | *Emilio Pérez Pérez, rpte dos/das veciños/as domiciliados/as no camiño do Ceán* |

*Así mesmo, faixe constar que, durante o tramite de información pública procedeuse á notificación individual ás persoas titulares catastrais do terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente, constando, a día de hoxe, como infrutuosas as remitidas a don Enrique Castaño Valeiras, en*

*dúas direccións diferentes. Consta no expediente documento achegado, en data do 9 de xaneiro de 2024 (doc. 240007416) por don Esteban Rastrollo Martínez, representante legal de dona Andrea e dona Alexandra Castaño Fernández de Vega, fillas e herdeiras de don Enrique Castaño Valeiras, falecido en Miami (USA) o 1 de novembro de 2003. No dito escrito, as herdeiras de don Enrique Castaño Valeiras fan constar que tiveron coñecemento do acordo do 8 de setembro de 2023 de aprobación inicial do Plan Especial de reforma interior da unidade de actuación UA-1 Ceán, publicado no DOG número 198, do 18 de outubro de 2023, e manifestan, ante esta Xerencia municipal de Urbanismo, a súa conformidade co expediente e coa aprobación inicial acordada polo Concello, solicitando a continuación da tramitación legal do dito expediente.*

C) Informes sectoriais posteriores á aprobación inicial

Durante a tramitación do correspondente procedemento, de carácter regrado, e segundo a lexislación urbanística e sectorial de aplicación, e en cumprimento do disposto no acordo de aprobación inicial, foron recadados os informes sectoriais que deseguido se relacionan, nesta fase do procedemento, no eido da administración do Estado e da nosa CCAA, de carácter favorable, ou que expresan a súa non incidencia ou improcedencia da dita emisión:

- Informe do Instituto de Estudos do Territorio de data 11.02.2023, no que traslada que non é preciso obter o seu informe (doc. Núm. 230324392)

- Informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 30.10.2023, no que conclúe que no aprecian cambios que desvirtúen o xa informado antes da aprobación inicial, e que concluída a tramitación e antes da aprobación definitiva debe remitirse para informe (doc.núm. 230342454)

- Ratificación do informe anterior, de data 25.01.2023, da Secretaría General de Telecomunicaciones y Ordenación de los Servicios de Comunicación Audiovisual (doc. Núm. 230331702)

- Informe favorable en materia de estradas da Deputación da Pontevedra de data 23.11.2023 (doc. Núm. 230381092)

- Informe de data 07.12.2023 da Delegación do Goberno en Galicia en relación á Defensa Nacional (doc. 230403368), sinalando a non incidencia do plan, no que se remite ademais: Informe da Dirección General de Política Energética y Minas do 17.11.2023 segundo a Lei 24/2013 do sector eléctrico.

- Informe de data 28.05.2024 da Dirección xeral da Costa e do Mar, de carácter favorable.

- Augas de Galicia: Mediante oficio de data 22.02.2024 solicitouse da entidade Augas de Galicia a emisión do correspondente informe nesta fase do procedemento, sen que conste a data da sinatura do presente a súa emisión;

  A dito respecto, compre traer a colación o disposto no artigo 80 da LPAC, ao establecer que, salvo disposición expresa en contrario, os informes serán facultativos e non vinculantes e conforme o apartado catro de dito artigo sinala << *Se o informe debe ser emitido por unha Administración pública distinta da que tramita o procedemento co obxecto de expresar o punto de vista correspondente ás súas competencias respectivas, e transcorre o prazo sen que aquel se emitise, poderanse proseguir as actuacións.* O informe emitido fóra de prazo poderá non ser tido en conta ao adoptar a correspondente resolución.

A ditos efectos a STS de data 4 de xullo de 2014 en recurso 915/2012 determina << *En cuanto a la virtualidad de un informe que es remitido fuera de plazo -cuestión que se suscita en el motivo de casación cuarto-, tiene razón el Ayuntamiento recurrente cuando señala que la no remisión del informe dentro del plazo señalado permite que prosiga la tramitación del procedimiento, como establece el artículo 83.4 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Pública y del Procedimiento Administrativo Común. Y, en efecto, en nuestra sentencia de 24 de noviembre de 2011 (casación 4883/2008 ) declarábamos, aplicando ese precepto, que " (...) no habiendo sido emitido el informe, la Administración municipal podía proseguir la tramitación del expediente, sin que la ausencia del mencionado informe pueda ser considerada causa de nulidad del Plan General aprobado ". Es decir, la falta del informe, habiendo sido éste oportunamente solicitado, no determina la nulidad del instrumento de planeamiento. >>*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

E por isto que transcorrido o prazo legalmente establecido sen haberse emitido os informes sectoriais solicitados poderase proseguir o procedemento de aprobación do presente instrumento de planeamento.

D) Alegacións achegadas no período de información pública

Tal e como se indicou no relato de feitos, no preceptivo período de información pública, consta presentado un escrito de alegación inserido no rexistro electrónico da XMU con data do 05.12.2024 baixo o documento núm. 230396966.

Na documentación remitida o 16.02.2024 pola Xunta de compensación da UA Ceán,- que conforma o documento íntegro para a súa aprobación definitiva- incorpórase como Anexo núm. 11 á Memoria Xustificativa un apartado específico- apartado núm. 2. que se corresponde co Informe as alegacións, no que se axuíza polo miúdo o contido da referida alegación, e se da resposta motivada á mesma, concluíndo a súa desestimación; Informe consensuado coas técnicas municipais que formulan a presente presente proposta de acordo, e que comparten integramente os argumentos expostos polo equipo redactor, que dan lugar a desestimación da mesma, en base e de conformidade co seguinte:

*"((...)Alegación núm. 1, presentada por: E.P.P (en representación dos veciños/as domiciliados/as no Camiño de Ceán), informe:*

*Resumo da alegación: Respecto as augas pluviais e residuais: propón o alegante alterar a rasante da nova rúa proxectada dándolle caída cara á Baixada ao Vao desde a rasante do camiño de Ceán para aliviar as redes deste camiño e evitar posibles inundacións no mesmo; Respecto do tránsito de vehículos en sentido ascendente nos últimos 30 metros, a creación dunha rotonda que permita dar a volta a e colocación dun semáforo que regule a entrada e saída de todos os vehículos pola Baixada ao Bao, e enganches e conexións de todos os servizos na baixada ao Vao.*

*No referido ás redes de drenaxe das augas pluviais e de saneamento de residuais compre indicar que tal e como se recolle na memoria xustificativa e no anexo 8 de infraestruturas, así como nos planos de ordenación de servizos, o PERI xa propón unha rede de saneamento separativa que verte por gravidade cara á Baixada ao Vao a totalidade das augas pluviais e fecais recollidas no ámbito de actuación, sen afectar, por tanto, á rede do camiño de Cean; As rasantes do novo vial proxéctanse o máis axustadas posible á topografía existente procurando xerar o menor movemento de terras posible, de acordo co establecido no Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia, e conforme coas medidas previstas no Documento Ambiental Estratéxico do PERI, para previr, reducir e, na medida do posible, corrixir os efectos de aplicación do PERI no medio.*

*A proposta alternativa realizada polo alegante suporía unha importante alteración da topografía (máis de 2 metros) no punto de cota máis alta que se trasladaría ao contorno da actuación con importantes desniveis coas fincas lindeiras, con afectación aos muros de peche e ás construcións estremeiras existentes, ademais do consecuente impacto na paisaxe, polo que debe ser descartada.*

*En todo caso, a rede de recollida de saneamento de pluiais proposta xa garante non só a recollida da escorrenta das augas pluviais do ámbito de actuación coa disposición da rede de sumidoiros necesarios no novo vial, senón que estende a rede de sumidoiros ao camiño de Ceán recollendo e derivando as augas que baixan por este, que verterán na súa totalidade a través da nova rede proxectada cara a estrada Baixada ao Vao, mellorando polo tanto a situación actual no Camiño de Ceaán.*

*Xa que logo, a alternativa proposta non aporta vantaxes á proxectada no PERI, xerando, pola contra, importantes efectos negativos no medio, razón pola que debe ser desestimada.*

*Respecto do alegado no referente a regulación do tráfico, indicar que o PERI fixa como un dos obxectivos a mellora da conectividade e accesibilidade do núcleo de vivendas existentes arredor do camiño de Ceán atendendo á única esixencia específica que recolle o PXOU-93 na ficha do ámbito de desenvolvemento. Así, o novo vial proposto posibilita unha alternativa ao tramo do camiño de Ceán entre o PERI e a baixada ao Vao, permitindo evitar esta zona de trazado moi estreito e sen separación do tránsito peonil, mellorando substancialmente as condicións de accesibilidade e seguridade do vial.*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

*A restrición do tráfico en sentido ascendente a nova rúa proxectada proposta na alegación impediría ditas melloras e resultaría contraria, polo tanto, aos obxectivos do planeamento. A glorieta proposta, polo tanto, carecería de obxecto, ademais de resultar incompatible co cumprimento das condicións establecidas nos artigos 69 e 70 do Regulamento da Lei do Solo, para o espazo libre público (zona verde) previsto na ordenación.*

*A nova rúa se proxecta, en todo caso, coas características exixidas no artigo 74 do RLSG para o viario dos novos desenvolvementos urbanísticos e cumprindo co establecido no novo PXOU, a normativa de accesibilidade e demais normativa de aplicación. A incorporación da nova rúa co camiño de Ceán se diseña, ademais con un radio de xiro de 9 m para facilitar a manobra de incorporación nunhas condicións idóneas de visibilidade, seguridade e funcionalidade.*

*No que atinxe ao alegado respecto a sinalización e regulación viaria debe indicarse que non son determinacións propias do instrumento de planeamento. Sería en todo caso, no proxecto de urbanización onde correspondería avaliar e concretar, de conformidade cos servizos técnicos municipais, as medidas a adoptar e os medios a dispoñer para tal efectos,*

*Finalmente, en canto a proposta de que todas as conexións dos servizos, se realicen na baixada ao Vao, debe advertirse que xa é esta a solución adoptada no PERI tal e como consta na súa Memoria e planos, sen alterar a situación do resto de servizos existentes no camiño de Ceán.*

*PROPOSTA: En razón do informado, e toda vez que unha partes das alegacións/ suxestións formuladas están xa recollidas no documento do PERI aprobado inicialmente e as restantes entrarían en contradición cos obxectivos do planeamento e/ou coa normativa de aplicación, proponse a súa desestimación. (..)”.*

E) Documentación preceptiva no presente trámite de aprobación definitiva

Con data 16.02.2024,- Doc. Núm 240061931 e COD.SOL.: W1063205-3212-, tiña entrada no rexistro electrónico desta XMU, impreso de solicitude formulado por “Xunta de compensación da AOD A-2-21 Ceán”, ao que xunta a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva (en formato editable e pdf) adaptado as normas técnicas de planeamento de Galicia, documentación redactada por un equipo multidisciplinar conformado pola empresa Ordenación Territorial, Infraestruturas y Medio Ambiente, SL-OPTIMA SL, de data febreiro de 2024 asinada dixitalmente polo arquitecto Diego Rivas Pérez, e pola entidade SONEN, Ingeniería Acústica, no que se refire ao documento Estudo do impacto acústico, de data 4 de xullo de 2022 asinado dixitalmente polo seu director técnico, Pablo Gómez Pérez.

Elevado o expediente a arquitecta adscrita ao servizo de planeamento e xestión, con data do 31.05.2024 emite informe favorable, dende un punto de vista técnico, verbo da suficiencia e conformidade da documentación técnica *supra* relacionada e da ordenación proposta, iindicando que a documentación esta completa e procede a súa aprobación definitiva (trámite 363 do expediente dixitalizado), do que se extracta a continuación o seu contido técnico:

*“(..) 1.2. DOCUMENTOS*

*A memoria do plan especial divídese en dúas partes: unha informativa e outra xustificativa. Conta ademais con doce anexos, engadindo un anexo con respecto á documentación aprobada inicialmente; se trata dun anexo XI específico como resultado da participación pública, incluíndo un resumo dos informes sectoriais solicitados e recibidos, así como unha proposta de informe-resposta á alegación presentada. O anexo II é o estudo de avaliación da mobilidade. A memoria e anexos dan cumprimento ao establecido nos artigos 171 e 172 do RLSG.*

*A documentación gráfica divídese en planos de información e de ordenación (19 e 18 respectivamente), incluíndo os necesarios para cumprir o preceptuado nos art. 173 e 174 do regulamento da LSG.*

*O plan especial contén o estudo económico esixible en base ao artigo 175 do RLSG, e incorpora unha memoria de viabilidade económica co contido mínimo sinalado no RDL 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana (TRLSU). O análise económico do documento non é obxecto deste informe.*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

*O documento denominado normativa urbanística establece as ordenanzas específicas para as distintas zonas de ordenación, así como as normas de urbanización para a súa posterior execución, segundo o establecido no art. 176 RLSG.*

*A documentación achegada da cumprimento ao establecido nos artigos 170 e 184 do RLSG.*

*1.3 MODIFICACIÓNS RESULTADO DOS INFORMES SECTORIAIS*

*No apartado 3 do anexo XI explícanse os cambios producidos no instrumento respecto da versión aprobada inicialmente, en atención ao sinalado nos distintos informes sectoriais recadados no procedemento. Para dar cumprimento ás consideración do informe emitido por Aviación Civil se introducen as seguintes modificacións respecto da documentación aprobada inicialmente: novo parágrafo art. 1.8 e un texto no plano de ordenación PORD_01USOS.01 en relación as servidumes aeronáuticas.*

*2. CALIDADE TÉCNICA DA ORDENACIÓN PROXECTADA*

*A lexislación urbanística non define o que debe entenderse por calidade técnica da ordenación.*

*A lexislación do solo de Galicia anterior á actual, a Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), establecía no seu artigo 50 que as normas técnicas do planeamento urbanístico terían por obxecto, entre outros extremos, a determinación dos requisitos mínimos de calidade, substantivos e formais dos distintos instrumentos de planeamento urbanístico.*

*A LSG e o seu regulamento establecen que as normas técnicas de planeamento terán por obxecto unificar os criterios técnicos para a elaboración dos documentos de planeamento urbanístico, a terminoloxía e os conceptos urbanísticos xerais, así como calquera outra cuestión que precise aclaración ou orientación; polo tanto, dita lei parece xa que non contempla entre o obxecto das normas técnicas a determinacións dos requisitos mínimos de calidade.*

*As NNTTPP aprobadas de conformidade coa LSG e co RLSG no ano 2019 (modificadas no ano 2022) soamente se refiren á calidade cando establece criterios de calidade en relación coa documentación gráfica en soporte dixital.*

*Á vista da indefinición da lexislación urbanística e da definición de calidade como propiedade ou conxunto de propiedades de ser dunha cousa pola que ten ou pola que se lle dá determinado valor (RAG); entenderase que a calidade técnica da ordenación se observará en relación co cumprimento dos parámetros obxectivos ou estándares fixados na lexislación que lle resulta de aplicación, como xeito de cuantificar que a ordenación proxectada será capaz de satisfacer os obxectivos e necesidades que ten que cubrir.*

*2.1. DESCRICIÓN DA ORDENACIÓN*

*O ámbito do plan especial é un baleiro existente entre o camiño Ceán e a estrada do Vao (EP-2003), que inclúe as parcelas catastrais 7916806NG1771N, 7916828NG1771N e 7916827NG1771N, esta última de xeito parcial. Na fase de aprobación inicial xa se axustou a delimitación do ámbito, e obsérvase que nesta fase o ámbito se axusta de novo (nuns 10 m² menos) e pasa a ser de 7.072 m².*

*A ordenación detallada proposta estrutúrase no interior deste baleiro urbano a partir da apertura dun novo viario no eixo noroeste-sueste, que conecta a estrada do Vao e o camiño Ceán, no cal se dispoñen as prazas de aparcamento público en superficie. Ao norte deste viario se sitúan as edificacións de vivenda unifamiliar distribuídas en 3 agrupacións de vivendas unifamiliares en fileira, ao sur do viario se sitúan a zona verde e o equipamento dotacional múltiple.*

*A edificabilidade residencial ascende a 3.498 m²c, dos que 1.061 m²c se adican a vivenda protexida e os 2.437 m²c restantes son vivenda libre; a reserva de edificabilidade comercial ascende a 38 m²c e incluída dentro dunha parcela residencial. Resulta unha edificabilidade total de 3.536 m²c.*

*Delimítase todo o ámbito como un único polígono no que se establece como sistema de actuación o de compensación, e se concretan os prazos de execución da única fase no estudo económico.*

*Tamén se establece a obriga de constitución dunha entidade urbanística de conservación.*

*A normativa urbanística propia do plan especial contén, entre outros, unhas ordenanzas específicas para as distintas zonas que se propoñen: ordenanza UA-1 CEÁN – RU-L de edificación residencial unifamiliar, ordenanza UA-1 CEÁN – RU-P de edificación residencial unifamiliar en réxime de protección, regulación das Zonas verdes e espazos libres, regulación de Equipamentos e regulación do solo destinado a viario e aparcamento público.*

*2.2. VALORACIÓN DA CALIDADE DA ORDENACIÓN*

*Para a valoración da calidade da ordenación compróbase o cumprimento dos criterios e/ou parámetros sinalados pola normativa urbanística e sectorial que lle resultan de aplicación. 2.2.1. Límites de sustentabilidade e calidade de vida e cohesión social (art. 41 a 42 LSG e art. 64 a 77 RLSG)*

*As determinacións do PERI fan que non se supere o límite de 1,50 metros cadrados edificables por cada metros cadrado de solo (art. 41.1 LSG e 64.1 RLSG).*

*O plan especial prevé a reserva de 710 m$^2$ de solo nunha única parcela denominada SL-EL-ARX-Ob nos planos de ordenación e destinada á tipoloxía de área de xogos, para o sistema local de espazos libres e zonas verdes, en cumprimento da reserva mínima establecida na lexislación urbanística art. 69.1.a RLSG e art. 42 LSG (18 m$^2$ por cada 100 m$^2$c residenciais e como mínimo o 10% do ámbito) e que cumpre as determinacións do art. 70 do RLSG segundo a súa tipoloxía.*

*Para dotación de equipamentos públicos se reservan 355 m$^2$ nunha parcela denominada SL-EQ-DM-Ob cumprindo a reserva mínima de 10 m$^2$/100m$^2$ edificables (art. 69.1.b RLSG) e asignáselle o uso de dotacional múltiple (art. 71 RLSG).*

*O plan establece a apertura dun novo viario que conta cun ancho mínimo 10 metros, que supón 6 m de calzada (3 metros por carril) e beirarrúas a ambos lados de ancho mínimo 2 m, cumprindo o establecido no art. 74 RLSG. Se destina un total de 1.729 m$^2$ a viario.*

*A dotación de prazas de aparcamento é de 36, cumprindo o estándar legal (art. 69 e 75 RLSG), e se reservan 9 prazas de aparcamento público (1/4 das totais), situadas en superficie e dispostas dentro da sección do viario interior.*

*O plan establece a plantación ou conservación de 36 árbores para dar cumprimento á reserva mínima de arborado establecida na lexislación.*

*O plan especial contempla as infraestruturas de redes de servizos de abastecemento de enerxía eléctrica, subministro de auga, saneamento (con redes separadas para augas residuais e pluviais), telecomunicacións e alumeado público; e non propón centros de transformación de electricidade en superficie nos espazos públicos (art. 76 RLSG).*

*A reserva de vivenda protexida (art. 77 RLSG) do plan especial, cuxa localización figura nos planos de ordenación, é de 1.061 m$^2$c, o que supón o 30% da edificabilidade residencial do plan.*2.2.2. Ficha do Plan Xeral

*A ficha do PXOU93 para a Unidade de Actuación 1 Ceán, establece como obxectivo completar o viario do ámbito, e como criterios de ordenación e normativa de aplicación que a sección mínima viario sexa de 8 m e as ordenanzas 1.3.B, 1.3.D e 3.1A.a. Esta ficha tamén establece a edificabilidade residencial 0,5 m$^2$/m$^2$, 21 como número máximo de vivendas e 612 m$^2$ como reserva mínima de espazos libres.*

*As determinacións do plan especial e a ordenación proposta dan cumprimento aos obxectivos e criterios sinalados na ficha do plan xeral, así como á reserva mínima e a edificabilidade máxima; garantindo tamén que o número de vivendas non supere o de 21 establecido na dita ficha.2.2.3. Normas de calidade ambiental e paisaxística (art. 43 LSG e 78 RLSG)*

*A ordenación garante as condicións de habitabilidade, salubridade e funcionalidade establecidas polas Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia NHV (Decreto 29/2010 do 4 de marzo) segundo se xustifica no anexo 6 da memoria. As ordenanzas reguladoras establecen as condicións hixiénicas e de habitabilidade que se deben cumprir, en remisión ás propias NHV.*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

*As ordenanzas particulares sinalan para a medición da altura máxima das edificacións residenciais, a altura en número de plantas e altura en metros, ambas medidas dende a cota de referencia definida tamén nas ditas ordenanzas; a cota de orixe e referencia para a medición da altura será a do contacto da edificación co terreo no punto medio de tódalas súas fachadas.*

*En relación a articulación de usos, actividades e tipoloxías edificatorias compatibles, de acordo cos criterios da ficha do Plan Xeral que establece o uso residencial, a ordenación prevé tipoloxías edificatorias de vivenda unifamiliar en fileira, pormenorízase o uso residencial protexido naquelas parcelas reservadas a vivendas acollidas a algún réxime de protección. Resérvase un porcentaxe de edificabilidade para usos comercial e usos dotacionais, así como áreas de esparexemento.*

*Resérvanse 38 m² de edificabilidade para uso comercial en cumprimento do mínimo esixido do 1% da edificabilidade residencial de acordo coa Lei de comercio interior de Galicia.*

*No anexo 2 da Memoria do PERI xustifícase o cumprimento na ordenación proposta do establecido na Lei 10/2014, de 3 de decembro, de accesibilidade e o Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se refire as pendentes dos novos viarios, anchos das beirarrúas, itinerarios peonís e previsión de prazas de aparcamento adaptadas. Asemade, tamén se xustifica o cumprimento do establecido na normativa estatal, a Orde TMA/851/2021, do 3 de xullo, pola que se desenvolve o documento técnico de condiciones básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados. Nos planos de ordenación reflíctese a praza reservada para aparcamento de persoas con mobilidade reducida, que cumpre os mínimos legais, e os itinerarios peonís accesibles se sinalan no antedito anexo 2.*

*A ordenación proposta contempla unha altura máxima de dúas plantas (B+I), cun máximo de 7 metros, xustificándose no apartado 2.3.1.3 da memoria xustificativa que a proporción, entre altura das edificacións e o ancho das vías e espazos libres, resultado das condicións establecidas, garante o cumprimento de estándares de asollamento e ventilación.*

*As redes de servizos do plan especial proxéctanse soterradas; o artigo 2.2.10 da súa normativa urbanística non permite as redes aéreas de servizo no ámbito.*

*A normativa do PERI establece que os testeiros libres das edificacións deben ter o tratamento de fachadas.*

*2.2.4. A ordenación e a paisaxe*

*En relación ás determinacións para a integración da ordenación cos elementos da paisaxe e da vexetación (art. 168 RLSG), o anexo 5 da MX incorpora un estudo da paisaxe urbana ao efecto de desenvolver medidas que considere necesarias para garantir a integración da ordenación proposta na paisaxe. O plan propón o mantemento parcial do arboredo existente no ámbito. Segundo o informado polo Instituto de Estudos do Territorio durante a fase de consultas da avaliación ambiental, o PERI non provocará un impacto paisaxístico significativo.*

*En canto á adaptación ao ambiente e protección da paisaxe (art. 91 LSG e 216 RLSG), no anexo 5 da MX se xustifica que as determinacións do plan especial garanten o cumprimento do sinalado nas normas de aplicación directa contidas na lexislación urbanística. O plan recolle a prohibición expresa de instalación de valos publicitarios; non se identificaron no ámbito nin no seu contorno inmediato afeccións a elementos culturais; inclúe condicións estéticas e de integración paisaxística na súa normativa.*

*2.2.5. Calidade acústica*

*O plan incorpora un estudo* acústico*, no que se conclúe que coa ordenación proposta se cumpren os obxectivos de calidade acústica sinalados pola lexislación (Real Decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, e Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia) .*

*2.2.6. Requisitos formais da documentación*

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

*Na actualidade as NNTTPP son as que establecen os criterios técnicos para a elaboración dos documentos de planeamento urbanístico, mediante: a definición e concreción dos conceptos habitualmente utilizados na elaboración das normas urbanísticas dos instrumentos de planeamento ou das ordenanzas de edificación, así como noutros documentos escritos e na rotulación e lendas dos planos; as normas técnicas para a elaboración da cartografía urbanística e para o seu tratamento informático; os criterios, formatos e contidos para a elaboración dos diferentes documentos que compoñen os instrumentos de planeamento; as especificacións exixidas respecto do formato dos documentos requiridos polo órgano ambiental para a tramitación da avaliación ambiental estratéxica.*

*A documentación, presentada en formato dixital, que se relacionou no punto 1 do presente informe, axústase en liñas xerais aos criterios técnicos para a elaboración dos plans especiais de reforma interior establecidos nas NNTTPP, en relación coa estrutura e codificación de arquivos e de carpetas, simboloxía gráfica e modelo de datos dos arquivos vectoriais.*

*O contido presentado segue os principios de máxima sinxeleza, lexibilidade e proporcionalidade en relación coas características do ámbito territorial (art. 83 RLSG).*

*O instrumento foi redactado por técnico coa correspondente titulación universitaria.*

*3. CONFORMIDADE DO PLAN COA LEXISLACIÓN VIXENTE*

*Neste apartado examinarase a conformidade do PERI coas determinacións urbanísticas de carácter técnico (parámetros urbanístico da ordenación), correspondendo ao informe xurídico o pronunciamento sobre a adecuación da tramitación seguida e da persoa promotora, o cumprimento da legalidade en aspectos non estritamente técnicos e demais cuestións de natureza xurídica.*

*O plan especial de reforma interior redactado cumpre co establecido no artigo 72 da LSG e 181 do seu regulamento, e contén as determinacións e documentación establecidas na lexislación urbanística (art. 162 e ss do RLSG). A documentación ten o grao de precisión adecuado aos seus fins.*

*A proposta de ordenación responde aos criterios e obxectivos sinalados na ficha do plan xeral.*

*As súas determinacións dan cumprimento aos elementos regrados (límites de sostibilidade, reservas..) establecidas na lexislación urbanística.*

*O plan é congruente coas Directrices de Ordenación do Territorio, tal e como se expón na memoria xustificativa e presenta compatibilidade cos criterios, principios e normas do Plan de Ordenación do Litoral, tal e como se sinalaba na resolución pola que formula o IAE.*

*As determinacións do plan especial dan cumprimento ao establecido na lexislación en materia de habitabilidade e accesibilidade tal e como se expuxo no apartado 2 do presente informe.*

*O plan conta formalmente cos documentos económicos sinalados no RLSG e no TRLSRU. (..)·"*

Pola súa banda, obra incorporado ao expediente informe de fiscalización asinado con data do 06.09.2023 polo Interventor xeral do Concello de Vigo ( trámite 238 do expediente dixitalizado), no que conclúe que,

CONCLUSIÓNS: Primeira.- O expediente 17983-411, no que se propón aprobar inicialmente o «Plan especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación UA-1 CEÁN», ***non está sometido a función interventora*****,** xa que non supón a aprobación ou autorización de gastos, nin se esixe a constancia no expediente de documentación de retención de crédito para o financiamento das infraestruturas previstas no mesmo. Tampouco está suxeito a control financeiro pola intervención xeral municipal, xa que ao tratarse dun instrumento de planeamento de desenvolvemento non se trata dunha materia para a que legalmente se esixa unha maioría especial; Segundo.- Conforme ao disposto no artigo 12.4 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana, e demais normativa concordante e aplicable, o expediente examinado incorpora un informe ou memoria de sostibilidade económica que conclúe que a actuación é sostible xa que cos ingresos obtidos por taxas e impostos cóbrense folgadamente os custos de mantemento que a urbanización suporá para o Concello de Vigo.

II.FUNDAMENTOS DE DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

II.I Normativa examinada

Plan Básico autonómico de Galicia, Decreto 83/2018, do 26 de xullo,

Plan de ordenación do litoral de Galicia, Decreto 20/2011 do 10 de febreiro,

Directrices de ordenación do Territorio, Decreto 19/2011, do 10 de febreiro,
LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia), e as súas modificacións,
L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,
D. 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,
Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía da accesibilidade á enerxía eléctrica,
Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído,
Lei 9/2014, do 9 de maio, Xeral de Telecomunicacións,
Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia,
Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia,
Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia,
Lei 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas,
Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia,
Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia,
LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
Lei de Rehabilitación e de rexeneración e renovación urbana- Lei 1/2019, do 22 de abril, e as súas modificacións,
Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia (NNTT), aprobadas pola Orde do 10.10.2019 da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Vivenda (DOG 25.11.2019),
Lei de protección da paisaxe de Galicia, Lei 7/2000, do 23 de marzo, e as súas modificacións,
Decreto 96/2020, do 29 de maio polo que se aproba o Regulamento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe; Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices da paisaxe de Galicia,

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,

O resto de disposicións que puideran afectar,

II. II Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica

O presente Plan Especial de Reforma Interior sitúase no lugar de Ceán, na parroquia de Coruxo, ao pé da Estrada do Vao (estrada provincial EP-2003), que enlaza as diferentes estradas paralelas á costa (de sur a norte: PO-552, PO-325 e PO-324) e da acceso á praia do Vao, un dos principais areais da Ría de Vigo. O ámbito atópase encravado no denso agregado urbano que se estende dende o núcleo urbano de Vigo polo litoral cara o límite oeste do termo municipal.

O ámbito de actuación corresponde ao da unidade de actuación en solo urbano D SU UA-1 CEÁN, delimitada polo Plan Xeral do concello de Vigo de 1993. A delimitación adoptada do ámbito do PERI resulta de axustar a delimitación establecida no PXOU-93 ao límite do solo urbano consolidado (SUC) tal como se recolle no vixente Instrumento de Ordenación Provisional, aprobado definitivamente polo pleno do Concello de Vigo con data 24.02.2019 axustando o límite leste á realidade parcelaria e incluíndo a superficie necesaria da parcela lindeira (19 $m^2$) para garantir a continuidade e anchura viaria no entronque do novo viario e a estrada EP-

2003. A delimitación adoptada é practicamente coincidente coa do ámbito de solo urbano non consolidado SUNC-702 delimitado no PXOM aprobado inicialmente o 26.08.2021.

A delimitación do ámbito do PERI abrangue así unha superficie de 7.082 $m^2$ correspondentes a terreos situados sobre a estrada provincial EP-2003 coa que limita polo sur. Polo noroeste o límite do ámbito o conforma o camiño do Ceán, limitando en todo o resto do contorno con solo urbano consolidado constituído por parcelas edificadas na súa práctica totalidade con vivendas unifamiliares (zona de ordenanza 10 no IOP). O axuste de delimitación realizado supón unha redución en 558 $m^2$ do ámbito do PERI (7,30%) en relación á superficie delimitada polo PXOU-93 (7.640 $m^2$), segundo resulta dunha medición precisa do ámbito grafitado, malia que a ficha da D SU UA-1 CEÁN refire erradamente unha superficie de 6.120 $m^2$. A alteración da superficie é, en todo caso, inferior ao 10% da superficie do ámbito delimitado polo plan xeral, de conformidade co disposto no artigo 65.2 LSG.
Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos do presente PERI, remitímonos integramente ao reflectido no informe técnico emitido o 31.05.2024 pola arquitecta do servizo de planeamento e xestión (trámite 363 do expediente dixitalizado).

Neste senso, a súa natureza é a dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 70 e 72 da LSG e nos artigos 177, 178, e 180 a 181, así como o artigo 184 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

II.III. Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación

A documentación que neste intre se somete a aprobación definitiva, presentada no rexistro electrónico da XMU con data do 16.02.2024 - COD.SOL: W1063205-3212 e Doc. Núm. 240061931- inclúe toda a documentación necesaria para a súa aprobación definitiva, completando o seu corpo documental e incorporando, en esencia, as modificacións propostas como consecuencia do trámite de información pública e do estudo dos informes sectoriais achegados ao expediente.

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación supra relacionada e da ordenación proposta, informou con data do 31.05.2024 a arquitecta do servizo de planeamento e xestión, con carácter favorable, indicando que a documentación esta completa e procede a súa aprobación definitiva

Consonte ao disposto nos artigos 84.1 da LSG e 201.1 do RLSG, o presente instrumento de planeamento ten a natureza de disposición de carácter xeral.

II.IV. Formulación e tramitación

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento, estipula que os plans especiais poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

Conclusión.- Tralo análise técnico e xurídico, co dito alcance de avaliar a integridade documental do presente planeamento de desenvolvemento, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada, e a conformidade coa lexislación vixente, infórmase favorablemente polas que subscriben, a presente proposta de aprobación definitiva do«Plan especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación UA-1 CEÁN (Coruxo) prevista no PXOU/93», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola súa Xunta de compensación.

Xa que logo, procede neste intre, propor ao órgano municipal competente, a súa aprobación definitiva. O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local. Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG e 86 do RLSG.

II.V. Órgano competente

Resulta competente para a adopción do presente acordo o Pleno do Concello de Vigo, (artigos 75.4 LSG e artigo 123.1.i), previo ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) dos Estatutos da XMU( AD versión

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa condición de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4ª) LRBRL e 47 e ss. ROF).

Polo anteriormente exposto, e sen prexuízo do que corresponda informar preceptivamente polo Secretario da XMU Secretario Xeral do Pleno, [art. 13 Estatutos da XMU, art. 3.3.d) 7º RD 128/2018 de 16 de marzo] proponse ao Pleno do Concello de Vigo, a adopción do seguinte,

*ACORDO.../...*
*Non obstante, a presente proposta non é vinculante e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio, o que estime conveniente."*

De seguido o funcionario informante emite a proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. Con data 25 de xuño de 2024, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ditamina favorablemente dita proposta.

O secretario xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, en data 26 de xuño de 2024, emite nota de conformidade conforme ao art. 3.4 e 3.3.c. do RD 128/2018, de 16 de marzo.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezanove votos (19) a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia Aguiar Castro, cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.: Desestimar integramente a alegación presentada en data 05.12.2023, co número de documento 230396966, en base e de conformidade co disposto no corpo do presente.

SEGUNDO.: Prestar aprobación, con carácter definitivo ao «Plan especial de Reforma Interior da Unidade de Actuación UA-1 CEÁN», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido pola súa Xunta de Compensación, que inclúe a documentación técnica inserida no rexistro electrónico desta Xerencia municipal de urbanismo con data 16.02.2024,- Doc. Núm 240061931 e COD.SOL.: W1063205-3212-, documentación redactada por un equipo multidisciplinar conformado pola empresa ·Ordenación Territorial, Infraestruturas y Medio Ambiente, SL"- OPTIMA SL, de data febreiro de 2024 asinada dixitalmente polo arquitecto D. R. P, e pola entidade "SONEN, Ingeniería Acústica", no que se refire ao documento "Estudo do impacto acústico", de data 4 de xullo de 2022 asinado dixitalmente polo seu director técnico P.G.P.

TERCEIRO.: Ordenar a publicación do presente acordo no Diario Oficial de Galicia (consignando a referencia do DOG no que se publicou o informe ambiental estratéxico) e, posteriormente, remitir un exemplar do instrumento definitivamente aprobado en soporte dixital e debidamente dilixenciado á Consellería de Medio Ambiente, e Cambio Climático para a súa inscrición no Rexistro de Ordenación do Territorio e Planeamento Urbanístico de Galicia. Recibido o certificado de inscrición, publicarase a normativa no Boletín Oficial de

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

Pontevedra, de conformidade co disposto no artigo 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e 199 do seu Regulamento da LSG (Real Decreto 143/2016)

CUARTO.: O contido íntegro do instrumento definitivamente aprobado estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#/ no apartado de Planeamento de Desenvolvemento en tramitación, e no Portal de Transparencia.

QUINTO.: Remitir un exemplar da documentación aprobada definitivamente, debidamente dilixenciada, aos correspondentes organismos da administración estatal e autonómica, con competencias sectoriais na materia, en atención as consideracións e/ou observacións realizadas nos nomeados informes sectoriais emitidos e que obran incorporados ao expediente de razón.

SEXTO.: Notificar individualmente o presente acordo na forma prevista no artigo 184.4 in fine do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

SÉTIMO.: Perante o presente acordo, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous (2)meses, a partir do día seguinte ao da súa publicación, de acordo co artigo 46.1 da LRXCA, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sen prexuízo do exercicio doutras accións legais que se estimen convenientes.

*.- ***Incidencia.*** *Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa do Sr. Alcalde-Presidente, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

*.- ***Incidencia.*** *Ás 10:05 h. auséntase da sesión o Sr. Alcalde e a concelleira do Grupo Municipal Socialista, Dona Patricia Rodríguez Calviño. Pasa a presidir a sesión a Tenente de Alcalde Dona Mª Carmen Silva Rego.*

**MOCIÓNS:**

**6.(121). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA SOLICITAR O RESCATE DA AP-9 E A SÚA TRANSFERENCIA A GALIZA. EXPTE. PLENO 4534/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xullo de 2024, número 4534/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

**"MOCIÓN**

*PARA SOLICITAR O RESCATE DA AP-9 E A SÚA TRANSFERENCIA A GALIZA*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A prolongación da concesión da AP-9 até o ano 2048 representa un importante problema do punto de vista social, económico e político para a Galiza. Esta é unha autoestrada que funciona como un eixo ao redor do cal se articula un territorio con máis de 70% da poboación, os 3 aeroportos, todos os portos de interese xeral e tamén a maior parte da actividade económica e empresarial do noso País. Por tanto, que un elemento de mobilidade tan central sexa unha vía de pagamento coas portaxes máis altas do Estado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

español é un evidente problema, non só para os usuarios e usuarias particulares, senón tamén para as empresas que ven gravados os custos de produción e de distribución como consecuencia do pago das peaxes.

Isto vese agravado por tres feitos. En primeiro lugar porque na Galiza carecemos dun sistema de transporte público á altura das necesidades que estruture a mobilidade interna de forma racional, tanto para pasaxeiros como para mercadorías. En segundo lugar, pola nosa peculiar forma de habitar o territorio, cunha poboación dispersa que acentúa a dependencia do vehículo privado e, en terceiro lugar, porque temos unha posición xeograficamente periférica na península e en Europa o que, combinado cos aspectos anteriores, fainos practicamente cativos do transporte por estrada, especialmente ás empresas galegas que queren mover os seus produtos ou sacalos fóra do noso país.

Mais a estas motivacións debemos engadir aínda una cuarta realmente importante. O mantemento das peaxes na AP-9 representa non só un castigo para todos os galegos e galegas senón unha clara discriminación coa Galiza, posto que todas as autoestradas da xeración da AP-9 hoxe están xa libres de peaxe unha vez que caducou a concesión ou estarano proximamente. Só en setembro de 2021, máis de 600 km, a maioría en Cataluña.

No caso do Autoestrada Atlántico a concesión inicial de 40 anos finalizou no ano 2013. Porén, distintos gobernos de diferente cor e de forma absolutamente insensíbel coas necesidades da Galiza, adoptaron a decisión de prorrogar a concesión dunha infraestrutura xa suficientemente amortizada e pola que os galegos e galegas levan pagando moito tempo. Primeiro un Goberno de Felipe González, do Partido Socialista, prorrogou a concesión durante 10 anos, entre 2013 e 2023. Máis adiante, no ano 2000, un Goberno de Aznar, do Partido Popular, fixo unha nova prórroga entre o ano 2023 e 2048, nin máis nin menos que de 25 anos. É dicir, decidiu regalar un negocio seguro durante máis de 2 décadas a unha empresa como AUDASA -que fora pública e privatizada tamén polo PP de Aznar en 2003 por 1.000 M€-, agora xa totalmente de capital foráneo ao Estado español, en mans de fondos voitre, á conta de que os galegos e galegas sigan a pagar as peaxes e sacrificando o seu desenvolvemento social e económico.

O conxunto da sociedade galega leva moito tempo reclamando pór fin á concesión, moito tempo reclamando unha AP-9 galega e libre de peaxes. Para logralo o BNG impulsou iniciativas neste sentido en todas as institucións. No Parlamento galego xa en catro ocasións a proposta para a transferencia da AP-9 á Galiza foi acordada por unanimidade de todas as forzas políticas e debatida neste Congreso en dúas.

A capacidade de negociación do BNG levou a que o Goberno estabelecese bonificacións para os usuarios e usuarias habituais que xa están en vigor desde o ano 2021 e que chegan a 60% das tarifas. Mesmo, conforme ao estabelecido no último acordo de investidura, as bonificacións deben aumentarse aínda até 75% e ser aplicadas tamén na AP-53, por certo, outra autoestrada cunha concesión de longa duración de 75 anos. Un compromiso revalidado polo propio Ministro na súa intervención en que anunciou que espera sexa executado no presente exercicio.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 17/09/2024 12:34 | Páxina 30 de 111 |
|---|---|---|
| 4594-1101 | CSV: A4A75F-5BEBCD-3B412D-BEM89N-TWT7B4-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

Mais non é suficiente o abaratamento das peaxes para os usuarios e usuarias habituais da AP-9, senón que esta autoestrada debe pasar a ser libre de peaxe. Lograr este obxectivo na actualidade está perfectamente xustificado se consideramos que, segundo a Comisión Europea, as prórrogas nas concesións foron adoptadas de forma irregular, polo que se podería declarar a nulidade da concesión actual. Así, no ano 2021 a Unión Europea abriu un expediente de infracción ao Estado español por considerar que as prórrogas da AP-9 se produciron de forma ilegal ao non cumpriren o principio de concorrencia competitiva. Máis recentemente, neste mesmo ano, a UE abre un novo expediente de infracción ao Estado español polo mesmo motivo. Existen, por outra parte, precedentes de casos similares que foron xa resoltos anulando a concesión.

O Ministerio debe realizar un estudo serio e fiábel sobre o verdadeiro custo de pór fin á concesión da Autoestrada do Atlántico. O Ministro avanzou primeiro a cifra de 4 mil millóns de euros que pouco despois elevou a 6 mil millóns, porén ese cálculo non vén avalado por datos contrastados. Algunhas outras estimacións sitúano ao redor dos 2 mil millóns de euros ou entre 2 e 3 mil millóns de euros. Neste caso é preciso lembrar que o Goberno procedeu a aprobar unha reserva de crédito de 2.300 M€ entre ese ano e 2048 para custear as bonificacións que se estabelecían na AP-9. Isto implica regalar 2.300millóns de euros a unha empresa privada de capital foráneo no canto de destinar eses mesmos recursos para converter en gratuíta a AP-9, co efecto positivo que iso tería no desenvolvemento social e económico da Galiza.

Ademais, si foron executados rescates milmillonarios noutras infraestruturas como o caso das radiais madrileñas das que se descoñece a día de hoxe con exactitude o custo real aínda que se estima que se situou por riba dos 4 mil millóns de euros. No caso da AP-9 na Galiza, resulta evidente que é moito máis favorábel para os intereses públicos pór punto final á concesión da AP-9 que seguir regalando diñeiro de todos os galegos e galegas a unha empresa privada que fai un negocio escandaloso coas peaxes. Segundo os datos públicos da propia Audasa, só no ano 2023, os lucros da empresa na Autoestrada do Atlántico foron de 82,6 M€, un25% máis que no ano anterior.

En definitiva, non hai razóns para non transferir a AP-9, como non as hai para non finalizar a concesión e que pase a ser unha autoestrada galega e libre de portaxes. O BNG reclama, ao igual que o fai a grande maioría da sociedade galega, que se poña fin á estafa legalizada que implican as peaxes da Autoestrada do Atlántico, unha demanda socialmente xusta e que se axusta á legalidade vixente.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

<u>ACORDOS:</u>

1. Instar o Goberno do Estado a que, en coherencia co procedemento aberto pola Comisión Europea, inicie os trámites para:
   a. A anulación da prórroga de 25 anos outorgada á concesionaria da AP-9.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

b A asunción da xestión directa da autoestrada e a supresión das peaxes.

c O impulso da transferencia da AP-9 a Galiza.

*2* Instar a Goberno do Estado e a Xunta da Galiza a encargaren sendos estudos en que se exploren as vías xurídicas para a anulación da prórroga e se avalíen os custos económicos que tería para o Estado a asunción da xestión directa da AP-9.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do Grupo Municipal Socialista, Don Carlos López Font, na súa primeira intervención, presenta unha emenda *“in voce” á parte resolutiva da moción que diga: “instando ao Estado e a Xunta de Galicia a que se avance na gratuidade da AP-9”.*

O portavoz do Grupo Municipal do BNG, Don Xabier Pérez Igrexas, non acepta a emenda.

VOTACIÓN DA MOCIÓN: Con oito (8) votos a favor, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e dezasete (17) abstencións dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.07.24 (Rex. Nº 4534/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, “para solicitar o rescate da AP-9 e a súa transferencia a Galiza”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**7.(122). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO ESIXIRLLE Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL QUE NON PECHE A AULA DE 4º DE INFANTIL DO CEIP BALAÍDOS E SEGA MANTENDO A DOBRE LIÑA EDUCATIVA. EXPTE. PLENO 4536/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xullo de 2024, número 4536/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha demanda histórica da comunidade educativa en xeral, profesores, Anpas, sindicatos, era a baixada das ratios de alumnado por aula o que permitiría unha maior calidade do ensino.

A caída da natalidade dos últimos anos é unha realidade que afecta xa as escolas, sobre todo en Infantil e Primaria.

En Galicia, no curso 24-25 empezarase por 4º de Infantil estreando os máximos de 20 alumnos por aula fronte aos 25 de antes, e cada curso irase aplicando ese mesmo descenso tamén ao curso inmediatamente superior, de modo que chegará a sexto de Primaria no curso 32-33.

Unha decisión con unha implementación moi lenta cando é precisa, e canto antes, unha mellora das condicións para o desempeño da docencia en todos os ámbitos educativos.

En virtude do interese xeral e da igualdade de oportunidades, dotar de maiores recursos humanos e económicos ás escolas debería ser sempre a premisa de calquera goberno.

Pero para o goberno galego do PP iso non é así, e a baixada da natalidade é a escusa perfecta suprimir aulas, pechar colexios e desmantelar a rede pública.

Xa o fixeron anteriormente en diversos centros educativos da nosa cidade e estano a facer neste momento no CEIP BALAÍDOS. Acaban de comunicarlle que lle suprimen un aula de 4º de Infantil para o próximo curso.

E perder un aula de 3 anos leva a que ese centro de dobre liña perderá, paulatinamente, unha das liñas completas.

Ademais de que unha redución de aulas supón a diminución de recursos nos centros e tamén a perda de postos de traballo docentes.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Esixirlle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional que non peche a aula de 4º de Infantil do CEIP BALAÍDOS. e siga mantendo a dobre liña educativa, tal e como se ven desenvolvendo ata agora.

- Que non se utilice a crise demográfica como xustificación para o peche de aulas ou centros e a diminución do número de profesoras ou profesores, e que se aposte por uns servizos educativos de calidade."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos (20) a favor, dezasete (17) votos dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres (3) votos dos membros do grupo

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.07.2024 (Rex. Nº 4536/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "*instando e esixindo á Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional que non peche a aula de 4º de infantil do CEIP Balaídos e sega mantendo a dobre liña educativa*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- ***Incidencia.*** *Ás 10:47 h., incorpórase a sesión a concelleira do Grupo Municipal Socialista, Dona Patricia Rodríguez Calviño.*

**8.(123). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, REXEITANDO O INTENTO DA XUNTA DE GALICIA DE SUBIRNOS A TAXA DE SOGAMA DE FORMA DESPROPORCIONADA, MANTER O CANON ACTUAL E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4537/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xullo de 2024, número 4537/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, formula a seguinte,

MOCIÓN

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros asi coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

Hai uns días SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do cánon para os meses que quedan de 2024 quedando a cantidade a abonar en 66,01 €/t para todos os concellos e unha suba para 2025 de 78 €/t de media.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

Para compensar esta suba anuncia que disporá do Fondo de Cooperación Local, o que reducirá en 12 € esta suba quedando, finalmente, en 66,01 € a cantidade a abonar tamén en 2025.

O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e chans contaminados para unha economía circular que provoca uns sobrecustos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva, nos orzamentos da Xunta 2024 estímase que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciamos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que leva dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do cánon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

ACORDOS

- Rexeitar o intento da Xunta de Galicia de subirnos a tasa de SOGAMA de forma desproporcionada.

- Manter o canon actual imposto aos Concellos galegos adscritos a SOGAMA de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.

  E manter tamén a actual bonificación do 15% deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

Antes de someter este punto a votación o concelleiro e portavoz do Grupo Municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, comunica que o seu grupo absterase de votar atendendo ao art. 59.7 do Regulamento Orgánico do Pleno (ROP).

VOTACIÓN: Con dezaoito votos (18) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.07.2024 (Rex. Nº 4537/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Pardo Espiñeira, “rexeitando o intento da Xunta de Galicia de subirnos a taxa de SOGAMA de forma desproporcionada, manter o canon actual e outros acordos complementarios”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*.- ***Incidencia.*** *Auséntase a concelleira do Grupo Municipal Socialista, Dona Patricia Rodríguez Calviño.*

## 9.(124). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INCREMENTAR DE FORMA INMEDIATA OS RECURSOS HUMANOS NA ÁREA SANITARIA DE VIGO, NAS ESPECIALIDADES DE SAÚDE MENTAL. EXPTE. PLENO 4538/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xullo de 2024, número 4538/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A saúde mental continúa a ser un dos graves problemas que presenta o sistema público de saúde, pola súa deficiente dotación de recursos para afrontar as patoloxías que, cada vez máis, están máis presentes e máis identificadas entre a sociedade.

O avance na visibilización e normalización da presenza da saúde mental como un fundamental indicador de saúde das persoas avanza imparablemente na actualidade, favorecendo a imaxe colectiva da necesaria relevancia que este servizo debe ter dentro do sistema público de saúde. Non en tanto, a atención que a saúde mental recibe no conxunto de España é desigual en función das comunidades autónomas e

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

dos sistemas autonómicos que son os responsables da xestión. Estas desigualdades percíbense de maneira clara na dotación de recursos humanos en saúde mental, así como a estrutura asistencial que intenta dar resposta ás necesidades.

Galicia atópase na cola das Comunidades Autónomas de España no que fai referencia ás ratios de profesionais por habitante nas categorías de psiquiatría, psicoloxía clínica ou enfermería especialista en saúde mental.

E o problema de recursos humanos afecta á accesibilidade de maneira grave e tradúcese en longas listas de espera. E en Vigo sitúannos nunha situación inaceptable, porque levamos anos sen recibir a atención necesaria por parte do Goberno galego responsable da xestión do sistema sanitario.

A finais do ano 2023, había en Vigo máis de 3.000 persoas esperando unha primeira valoración de saúde mental e estas cifran revelan un problema específico na área sanitaria de Vigo.

Transmitido en números: a área sanitaria de Vigo co 20% da poboación galega, concentra o 30% dos pacientes que están en lista de espera en Psiquiatría.

E os especialistas din que están desbordados pola demanda.

E por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar á Xunta de Galicia a incrementar de forma inmediata os recursos humanos na área sanitaria de Vigo, nas especialidades de saúde mental, para que poidan ser atendidas as persoas que demandan asistencia sanitaria nesta especialidade e baixar os cocientes de espera, nun período de 6 meses, á media de Galicia."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos (20) a favor, dezasete votos (17) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.07.2024 (Rex. Nº 4538/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "instando a Xunta de Galicia a incrementar de forma inmediata os recursos humanos na área sanitaria de Vigo, nas especialidades de saúde mental", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**FORA DA ORDE DO DÍA**

**9 (BIS) (125). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA REPROBAR A ACTUACIÓN DOS REPRESENTANTES ELECTOS DO PARTIDO POPULAR DE VIGO, POR ACTUAR EN CONTRA DOS INTERESES XERAIS DOS CIDADÁNS VIGUESES E POR XERAR A PERDA DE RECURSOS PÚBLICOS PARA O CONCELLO DE VIGO CUN CALOR DE 50 MILLÓNS DE EUROS. EXPTE. PLENO 4545/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xullo de 2024, número 4545/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O teito de gasto non financeiro é un dos límites legais a ter en conta na elaboración e execución dos Orzamentos.

Esta regra, que foi introducida durante o Goberno do Partido Popular e a súa maioría no Congreso, se regula na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e forma parte do bloque normativo constitucional, no tanto que se refire ao funcionamento das Administracións públicas.

Durante o ano 2024 xa vivimos un primeiro bloqueo co rexeitamento do teito de gasto proposto polo Goberno e acabamos de ver reproducido un segundo bloqueo á aprobación do marco global do gasto nas Administracións Públicas para 2025.

Este máximo de gasto, que se atopa en liña co esixido por Bruselas, afecta tanto ao Estado e aos Orzamentos Xerais do Estado, pero tamén as aportacións que reciben as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais que se verían incrementadas pero que o voto en contra reduce.

Deste xeito, Galicia deixará de recibir 422 millóns de euros nos próximos anos e, deles, 167 no vindeiro ano 2025. Para a cidade de Vigo, isto significa perder 48.200.000 para facer fronte aos servizos e inversións da cidade.

Así, deixaremos de ingresar 17,7 millóns de euros en 2024; 10,5 millóns en 2025; 20 millóns en 2026 e outros 1,7 millóns en diversas partidas complementarias.

Estas decisións, baseadas nun exclusivo calculismo electoralista, xeran un prexuízo económico que teñen que soportar os 300.000 habitantes desta cidade e, por extensión, os galegos e galegas e o conxunto de España.

Este pretendido estrangulamento económico non se corresponde cun xeito de facer política responsable e, sobre todo, en beneficio dos cidadáns senón co único efecto de erosionar ás institucións que non se gobernan.

Por todo isto, se propón ao Pleno o seguinte ACORDO:

Reprobar a actuación dos representantes electos do Partido Popular de Vigo, por actuar en contra dos intereses xerais dos cidadáns vigueses e por xerar a perda de recursos públicos para o Concello de Vigo cun calor de 50 millóns de euros.”

VOTACIÓN DA URXENCIA

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

Con dezaoito votos (18) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e oito votos (8) en contra, cinco (5) votos dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais tres votos (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal acepta a presentación da moción.

*.- ***Incidencia.*** *Ás 11:30 h., auséntase da sesión a concelleira do Grupo Municipal Socialista, Dona Yolanda Aguiar Castro.*

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezasete votos (17) a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, cinco votos (5) en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e tres abstencións (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada fora da orde do día, en data 26.07.2024 (Rex. Nº 4545/1101), polo concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, “para reprobar a actuación dos representantes electos do Partido Popular de Vigo, por actuar en contra sos intereses xerais dos cidadáns vigueses e por xerar a perda de recursos públicos para o Concello de Vigo cun calor de 50 millóns de euros”, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## PARTE DE CONTROL

### MOCIÓNS.

### 10.(126). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO AO CONCELLO DE VIGO, ORZAMENTAR E ACOMETER DE XEITO URXENTE A REFORMA INTEGRAL COMPROMETIDA NO 2010 DA RÚA CESÁREO VÁZQUEZ, RENOVANDO O PAVIMENTO E AS TUBAXES DAS ACOMETIDAS. EXPTE. PLENO 4535/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xullo de 2024, número 4535/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

MOCIÓN

"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado 6 de xullo a veciñanza de San Miguel de Oia saíu á rúa en manifestación para protestar polo mal estado no que se atopa o vieiro principal desta parroquia, a estrada de Cesáreo Vázquez, con constantes roturas de tubaxes de saneamento, abastecemento e pluviais. Mais tamén pola aparición constante de fochancas no pavimento.

Os veciños reclaman así o cumprimento da promesa realizada polo alcalde no ano 2010, cando Abel Caballero anunciou, nunha visita á zona, un proxecto de humanización integral da estrada, de máis dun kilómetro e medio de lonxitude, que o ía converter nunha grande avenida para artellar a parroquia, con amplas beirarrúas e o cambio de todo o sistema de acometidas.

Un investimento estimado en 1,8 millóns de euros que catorce anos despois segue a estar incompleto. O único que fixo o goberno local foi actuar nalgúns poucos tramos do treito de arriba, pero de xeito espallado e non dando continuidade ao proxecto. Así as cousas, hoxe en día hai zonas de moito perigo para os viandantes como son as proximidades ao colexio ou no cruceiro.

No tramo de abaixo, ata a rotonda de Canido, non se fixo nada a pesares de ser un tramo tamén moi perigoso e de moito tránsito.

Así as cousas, a veciñanza reclama ao goberno de Caballero completar o proxecto inicialmente previsto logo de tantos anos agardando por el, sen ter noticias alentadoras ao respecto. De feito, nos orzamentos do 2024 apenas figura unha partida de 110.000 euros, absolutamente insuficiente para poder levar a cabo a obra demandada e e que necesita a parroquia.

Por os motivos expostos, instamos ao Concello de Vigo que:

**ACORDOS:**

1.- Orzamentar e acometer de xeito urxente a reforma integral comprometida no 2010 da rúa Cesáreo Vázquez, renovando o pavimento e as tubaxes das distintas acometidas, asi como construíndo beirarrúas que garantan a seguridade ao longo de todo este vieiro para transformalo nunha auténtica avenida que artelle a parroquia."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con oito (8) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais tres (3) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e dezasete (17) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señoras e señores, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.07.2024 (Rex. Nº 4535/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, “*instando ao Concello de Vigo, orzamentar e acometer de xeito urxente a reforma integral comprometida no 2010 da Rúa Cesáreo Vázquez, renovando o pavimento e as tubaxes das acometidas*”, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**RESOLUCIÓNS.**

**11.(127). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 17/06/24 E O 21/07/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1713/1102 (EXPTE. PLENO 4540/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/06/24 e o 21/07/24, incluídas no expediente 1713/1102.

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**12.(128). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 17/06/24 E O 21/07/24, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE 1714/1102 (EXPTE. PLENO 4541/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 17/06/24 e o 21/07/24, incluídas no expediente 1714/1102.

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

**13.(129). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DE MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. EXPTE. 1485/1102 (EXPTE. PLENO 4513/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

**“MODIFICACIÓN DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Trala constitución da nova corporación en data 17 de xuño de 2024 para o período 2023- 2027 por Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 designouse aos membros da Xunta de Goberno Local.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

Como consecuencia da toma de posesión da nova concelleira Dna. Patricia Iglesias López procede modificar da estrutura organizativa e nomeamentos efectuados respecto aos membros que integrarán a Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 126 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local configúrase como o órgano municipal que, baixo a presidencia do Alcalde, colabora de xeito colexiado na función de dirección política que a este lle corresponde e exerce as funcións executivas e administrativas que se sinalan no artigo 127 da citada Lei e calquera outras que lle sexan delegadas.

Corresponde ao Alcalde nomear e separar libremente aos membros da Xunta de Goberno Local, número que non poderá exceder dun terzo do número legal de membros do Pleno, ademais do Alcalde. A Xunta de Goberno Local responde politicamente ante o Pleno da súa xestión de xeito solidario, sen prexuízo da responsabilidade directa dos seus membros pola súa xestión.

Segundo o exposto e estando integrada a Corporación municipal por vinte e sete membros, constituída o pasado 17 de xuño como consecuencia das eleccións locais realizadas o día 28 de maio de 2023 corresponde nomear como máximo nove membros da Xunta de Goberno Local, ademais do Alcalde.

A Secretaría da Xunta de Goberno Local corresponderá, ex artigo 126.4º LRBRL, a un dos seus membros que reúna a condición de concelleiro/a, sendo designado/a a tal efecto polo Alcalde.

Polo exposto de conformidade co establecido nos artigos 43, 52 e 53 e demais concordantes do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e preceptos correspondentes da normativa anteriormente citada, esta Alcaldía,

**RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras

Dª Mª Carmen Silva Rego

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Dª Elena Espinosa Mangana

Dª Mª José Caride Estévez

Dª Ana María Mejías Sacaluga

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

Dª Patricia Rodríguez Calviño

Dª Yolanda Aguiar Castro

D. Jaime Aneiros Pereira

D. Ángel Rivas González

**SEGUNDO.-** Deixar sen efecto cantas resolucións da Alcaldía relativas á Xunta de Goberno Local se opoñan á presente resolución e en particular a Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 pola que se nomean os membros da Xunta de Goberno Local e se delegan atribucións neste órgano.

**TERCEIRO-** Comunicar esta Resolución a todos os concelleiros e concelleiras afectados e aos xefes das diferentes áreas e servizos municipais, para o seu coñecemento e efectos, a través da súa inserción na Intranet.

**CUARTO-** A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme co establecido no artigo 44.2 do RD 2568/198 e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**QUINTO.-** Da presente resolución darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación a efectos de que quede informado da mesma, de conformidade co establecido no artigo 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.”

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a modificación dos membros da Xunta de Goberno Local. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**14.(130). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DE NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE. EXPTE. 1488/1102 (EXPTE. PLENO 4514/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

**“NOMEAMENTO TENENTES DE ALCALDE**

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

Trala constitución da nova corporación en data 17 de xuño de 2024 para o período 2023- 2027 por Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 designouse aos membros da Xunta de Goberno Local e os Tenentes de Alcalde.

O art. 125 da Lei 7/1985 do 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, na redacción dada á mesma pola Lei 57/2003 do 16 de Decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, establece que o Alcalde poderá nomear de, entre os Concelleiros/as que formen parte de a Xunta de Goberno Local, aos Tenentes de Alcalde, que lle substituirán, pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade

Con motivo da modificación da composición da Xunta de Gobierno Local do Concello de Vigo por Decreto da Alcaldía de data 28 de maio de 2024 e de conformidade co disposto no artigo 125.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local, en concordancia coas previsións da lexislación autonómica contidas nos artigos 62 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e artigo 22 do Real decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime Local, esta Alcaldía,

**RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Designar a Ana María Mejías Sacaluga, quinta Tenente Alcalde do Concello de Vigo.

**SEGUNDO.-**. Os Tenentes de Alcalde substituirán, pola orde do seu nomeamento a esta Alcaldía nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento. Non obstante as funcións do Alcalde non poderán ser asumidas polos Tenentes de Alcalde sen expresa delegación realizada cos requisitos previstos no artigo 44.1 e 2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, sen prexuízo das delegacións que tivesen recaído neles na aplicación da Resolución de estrutura das áreas executivas do Goberno.

**TERCEIRO.-** En todo caso, cando esta Alcaldía se ausente do termo municipal por máis de vinte e catro horas sen conferir delegación, será en todo caso substituída polos/as Tenentes de Alcalde seguindo a orde do seu nomeamento, debendo dar conta desa circunstancia ao resto da Corporación.

**CUARTO.-** Notificar esta resolución aos/as Tenentes de Alcalde, facendo constar que terán que manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas atribucións como Alcaldesa ou Alcalde accidental, non podendo, no citado exercicio, modificar as delegacións efectuadas por esta Alcaldía, nin outorgar outras novas.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**QUINTO.-** As/os Tenentes de Alcalde estarán suxeitos na súa actuación ás causas de abstención e recusación fixadas pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, causas de incompatibilidade fixadas na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións públicas, Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e demais normativa sectorial nesta materia, debendo respectar, sinaladamente, o disposto en materia de conflito de intereses na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**SEXTO.-** Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que realice, conforme co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986.

**SÉTIMO.-** A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia conforme co establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, debendo ser publicada na sede electrónica municipal en cumprimento do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

**OITAVO.-** Notificar a presente resolución ás Xefaturas das diferentes áreas e servizos municipais para o seu coñecemento e efectos, dando publicidade na intranet municipal."

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre o nomeamento de Tenentes de Alcalde. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**15.(131). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NA PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE E ÁREA DE GOBERNO DE PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA E IGUALDADE. EXPTE. 1499/1102 (EXPTE. PLENO 4515/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

**"DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NA PRIMEIRA TENENTE ALCALDE E ÁREA DE GOBERNO DE PATRIMONIO HISTÓRICO, CULTURA E IGUALDADE.-**

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Delegar na **Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade** as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos

**a) En materia de Patrimonio Histórico**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, na defensa e promoción do conxunto do Patrimonio Cultural, sinaladamente, en relación co Monte de O Castro, así como as relacións co Consorcio do Casco Vello de Vigo e, en particular:

1. A protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo.

2. Adoptar, no caso de urxencia, as medidas cautelares necesarias para salvagardar os bens do Patrimonio Cultural que viren o seu interese ameazado.

3. Fomentar a difusión exterior do Patrimonio Cultural impulsando os intercambios culturais que se estimen oportunos e promovendo a realización de convenios ou acordos dirixidos a este fin.

4. Instar á Administración Autonómica a iniciación de expedientes que teñan por obxecto a declaración dun ben de interese cultural, a súa inclusión no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia

5. Velar porque todos os bens que integran o Patrimonio Cultural de Vigo gocen das medidas de protección e conservación axeitadas.

6. Instar doutras Administracións Públicas as axudas necesarias para investigación, documentación, conservación, recuperación, restauración difusión dos bens integrantes do Patrimonio Cultural de Vigo.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

7. Denunciar ante a Administración Autonómica calquera acción ou omisión que constitúa incumprimento das obrigas establecidas na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia.

8. En virtude da súa riqueza patrimonial, xestionar e coordinar os traballos que se realicen no monte de O Castro que teñan relación coa preservación e posta en valor do patrimonio municipal.

9. Desenvolver as obras e actuacións na Villa romana de Toralla e o seu entorno.

10. Dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución das actividades artístico-culturais do programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e actuacións sobre os espazos libres que conforman a paisaxe histórica urbana.

11. Actuar como interlocutora nas relacións do Concello co Consorcio do Casco Vello de Vigo e tramitar e xestionar cantos expedientes deriven das relacións coa dita entidade, excluídos en todo caso os asuntos de natureza urbanística.

**b) En materia de Cultura**

1. Establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución das políticas públicas municipais en materia de Cultura e Bibliotecas. Programación anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas.

2. Dirección e xestión , de acordo coas normas específicas que regulan cada un dos equipamentos culturais do Concello, como a Biblioteca Pública “Juan Compañel” en coxestión coa Xunta de Galicia, a Biblioteca Municipal “Neira Vilas” e a Casa Galega da Cultura.

3. Xestionar o rexistro de peticións de ISBN que realicen as unidades do Concello para a súa publicación

4. Planificar, dirixir, e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións dos edificios adscritos á área de goberno.

5. O fomento da creación literaria e a promoción do libro e da lectura, así como o fomento e xestión dos servizos bibliotecarios municipais.

6. O fomento, a promoción e axuda de entidades, institucións e asociacións artísticas e socioculturais; Festival Vente con Nós, Festival Folclórico Internacional de Vigo.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

7. Proposta, en colaboración cos servizos de Cartografía, Estatística e de Normalización Lingüística, a denominación das vías públicas, prazas e parques municipais que se tramiten ao abeiro do Regulamento de Honras e Distincións.

8. Instrución dos expedientes de contratación de obra e instalación de monumentos municipais.

9. Provisión e fomento de servizos bibliotecarios que posibiliten o acceso á información, apoio á formación, promoción lectora e desenvolvemento persoal e cultural. Impulso dos instrumentos de planificación, programas funcionais e plans anuais de acción do servizo bibliotecario.

10. Resolución dos expedientes de doazón gratuíta de fondos.

11. A xestión do Auditorio Municipal en relación á programación municipal que nel se desenvolva, e/ou as xestións e autorizacións de solicitudes de utilización por parte de entidades públicas, privadas, xurídicas ou físicas e, así mesmo, planificar e xestionar as accións precisas para garantir a súa conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control.

**c) <u>En materia de museos:</u>**

1. Establecer as directrices xerais e a política municipal da Rede de Museos Municipais, conformar os programas anuais e plurianuais de xestión, determinando os obxectivos e os recursos materiais e persoais necesarios para o funcionamento dos equipamentos, servizos e programas

2. Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión e coordinación: Museo Municipal "Quiñones de León"-Pazo de Castrelos; Verbum-Casa das Palabras; Casa das Artes; Pinacoteca Municipal "Francisco Fernández del Riego"

3. Xestionar o as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, vixilancia, limpeza, e subministracións dos inmobles adcsrito á rede de museos Municipais.

4. Relacións do Concello de Vigo coa Fundación MARCO (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo Fundación.

5. O fomento de toda clase de actividades que promovan a creatividade artística, así como a programación de exposicións e outras expresións plásticas nos equipamentos que forman parte da Rede de Museos Municipais.

6. Xestionar a conservación, investigación e divulgación das coleccións e bens artísticos adscritos á Rede de Museos Municipais, en especial as do Museo Municipal

“Quiñones de León” (incluíndo a de arqueoloxía), a do Arquivo Fotográfico Pacheco, colección fotográfica municipal, colección Luís Torras, colección de arte galega da Biblioteca-Museo Francisco Fernández del Riego.

7. Aprobación de programas de desenvolvemento das coleccións e bens artísticos actuais, tanto no relativo á incorporación de novos elementos (adquisicións, doazóns, depósitos..), como acordos de préstamo temporal de elementos das mesmas.

**<u>d) En materia de igualdade :</u>**

1. Deseñar, dirixir, implementar, coordinar e avaliar as políticas municipais de Igualdade a desenvolver polo Concello de Vigo.

2. Detección de discriminacións directas e indirectas, impulsando e desenvolvendo accións positivas e medidas, tanto preventivas como integradoras, tendentes a eliminar as situacións de desigualdade e desvantaxe social para as mulleres en todos os ámbitos, especialmente as que se atopan en situación de vulnerabilidade social.

3. Dirixir e coordinar os servizos e programas adscritos ao Servizo de Igualdade: Oficina de Igualdade, Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, Casa das Mulleres, Centro de Documentación e Recursos Feministas, Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia e Observatorio Municipal de Xénero.

4. Dirección e xestión do Consello Municipal da Muller segundo o seu Regulamento, executando os seus acordos e demais competencias que lle confire tal regulamento.

5. Xestionar e tramitar as queixas recibidas a través do Observatorio Municipal de Xénero.

6. Dirección e xestión da Mesa de Coordinación para a mellora da atención ás vítimas de violencia de xénero.

7. Promover, desenvolver e difundir accións tendentes a visibilizar e incrementar a presencia das mulleres nos distintos ámbitos da vida social e nos procesos de toma de decisións, abrindo canles de participación para impulsar o empoderamento das mulleres.

8. Promover o investimento de recursos sociais en accións positivas para as mulleres, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopen infrarrepresentadas así como organizar e promover actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas, dirixidas á poboación masculina.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

9. Potenciar o asociacionismo feminino, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

10. Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo.

11. Detectar posibles casos de discriminacións indirectas por razón de sexo no persoal ao servizo do Concello e propoñer estratexias para a súa eliminación.

12. Impulsar a aplicación de medidas que promovan a incorporación da perspectiva de xénero en todos os departamentos e a todos os niveis no ámbito municipal. (principio de transversalidade).

13. Xestionar e promover servizos de información, atención e acollemento ás mulleres vítimas de violencia de xénero e fillos e fillas menores ao seu cargo.

14. Resolución do acordo de cesións temporais de ocupación na Rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero, previa proposta técnica das profesionais dos servizos municipais de atención ás mulleres.

15. Relacións co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o seguimento e coordinación da xestión que ese organismo realiza do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo.

16. Cooperar con outras institucións públicas ou privadas que desenvolvan actividades e programas relacionados coas competencias delegadas en materia de Igualdade.

17. Impulsar, en colaboración coa área de Recursos Humanos e Formación, o diagnóstico, elaboración, execución e avaliación das medidas e accións que se recollan no *V Plan de Igualdade do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

**CUARTO.-** Delegar na **Concelleira delegada de Igualdade e Comercio** baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da Resolución de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 e as competencias en materia de Igualdade establecidas no presente decreto. Así mesmo a Concelleira delegada de Igualdade e Comercio, atribúese as seguintes facultades

- A Presidencia do Consello Municipal da Muller
- A Presidencia da Mesa de Coordinación para a mellora da atención ás vítimas de violencia de xénero.
- Representante do Concello de Vigo no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o seguimento e coordinación da xestión que ese

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

organismo realiza do Centro de Emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo.

**QUINTO.-** Delegar na **Concelleiro delegado de Cultura** baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da Resolución de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 as competencias en materia de cultura, biblioteca e museos establecidas no presente decreto.

**SÉTIMO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

**OITAVO -**Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**NOVENO.-** Notificar a presente resolución a todos/as os concelleiros/as.

**DÉCIMO.-** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**DÉCIMO SEGUNDO.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a delegación de competencias específicas do Alcalde na 1ª Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**16.(132). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NO SEGUNDO TENENTE DE ALCALDE E ÁREA DE GOBERNO DE FOMENTO, SERVIZOS E DEPORTES. EXPTE. 1499/1102 (EXPTE. PLENO 4516/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**"DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NO SEGUNDO TENENTE ALCALDE E AREA DE GOBERNO DE FOMENTO, SERVIZOS E DEPORTES.-**

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía,

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Delegar no **Segundo Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes** as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos.-

**a) En materia de fomento.**

Obra pública municipal:

1. A xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal, con excepción da contratación menor que será realizada por cada área xestora

**2.** A xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa, para a execución de obra pública.

3. A proposta e execución de obras públicas municipais e coordinación cos distintos servizos municipias

Vías e Obras:

1. Mantemento dos elementos mecánicos de mobilidade nas vías ou espazos públicos municipais.

2. Mantemento de esculturas, estatuas e demais elementos ornamentais instalados nos espazos e vías públicas municipais.

3. A revisión, informe e proposta de recepción dos proxectos de urbanización, tanto de iniciativa pública como privada, que posteriormente pasarán a ser de conservación municipal

Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal:

1. Dirección e xestión da oficina de supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal que realizará as función de supervisión, informe, proposta técnica de expedientes dos diferentes servizos municipais e as que legalmente lle sexan atribuídas ou como consecuencia de instrucións municipais.

Electromecánicos:

1. A supervisión e informe dos proxectos técnicos de alumeado público

2. O control, estudo e supervisión da facturación xirada polas compañías subministradoras de enerxía eléctrica procurando a optimización das tarifas, coordinando este proceso cos servizos xestores das diversas instalacións municipais.

3. A planificación e coordinación cos diversos servizos xestores das instalacións municipais que demanden subministro de enerxía eléctrica para a contratación e alta de novos subministros.

4. Estudos de aforro enerxético optimizando e calibrando os consumos.

5. Mantemento e reparación das instalacións e dos equipos de bombeo nas fontes ornamentais públicas.

6. A realización e aplicación de programas para o mantemento e conservación das instalacións eléctricas da Casa Consistorial.

7. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento de Electromecánicos que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións que rexen no contrato.

Parque Móbil:

1. Control e supervisión da ordenación, xestión e administración da flota de vehículos do Parque Móbil municipal,agás os que se atribúan a outros servizos.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

2. Xestión dos almacéns de materiais e reparacións e mantemento da flota municipal a través do taller mecánico do Parque Móbil.

Ciclo da auga:

1. A xestión e tramitación das actuacións necesarias no ciclo integral da xestión da auga, tales como mantemento, conservación e no seu caso construción das redes de infraestruturas de abastecemento, evacuación e depuración de aguas, así como calquera actuación relacionada co servizo.

2. Planificar a estratexia, o desenvolvemento e o financiamento dos Plans Directores de Abastecemento e Saneamento que se poidan contemplar no planeamento xeral e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

Parque Central:

1. Dirección e xestión do parque central e dos persoal adscrito a dito servizo

2. Xestión, vixilancia e mantemento das instalación, servizos e espazos do Parque Central,

3. Xestión dos almacéns de materiais de servizos das Áreas de Vías e Obras, Xardíns, Electromecánicos e Limpeza.

Dos edificios de titularidade municipal nos adscritos as distintas áreas ou servizos.

1. Xestionar as actuacións encamiñadas ao mantemento e conservación que requiran os edificios de titularidade municipal non adscritos a servizos específicos e de forma especial do edificio da casa consistorial

2. Xestión e control de consumos de auga e enerxías dos edificios de propiedade municipal non adscritos a servizos específicos. Adaptando ou propoñendo a adopción de medidas que se estimen procedentes para unha mellora nos consumos e na economía do gasto.

3. Xestión e control dos servizos de limpeza dos edificios de propiedade municipal non adscritos a outros servizos.

4. Planificar e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, reparacións, limpeza e control do Auditorio ao aire libre de Castrelos.

5. Xestión das obras e mantementos necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, Campo de Fútbol da Madroa e Barreiro.

**c) En materia de servizos**

Seguimento de empresas concesionarias de servizos públicos:

1. Coordinar as diferentes Áreas na inspección permanente do funcionamento dos servizos xestionados indirectamente por empresas concesionarias para garantir a súa prestación de acordo cos correspondentes pregos de condicións que rexen en cada contrato, impulsando para estes efectos, o funcionamento eficaz da servizo de Control de Empresas Concesionarias, dotándoa convenientemente de medios materiais e persoais.

2. Xestión, coordinación e tramitación dos contratos de xestión indirecta de servizos públicos: complexo polideportivos, piscinas cubertas.

**d) En materia de limpeza, recollida e xestión de Residuos sólidos urbanos.**

1. Inspeccionar, controlar e xestionar todo o relativo a:

a) Recollida selectiva (papel, cartón, envases, plásticos, vidro, etc.)
b) Recollida de residuos sólidos urbanos
c) Limpeza viaria e de praias.
d) Instalación, mantemento e reposición de colectores e papeleiras.
e) Traslado á planta de transferencia de Guixar e transporte a SOGAMA dos RSU e residuos de envases.
f) Limpeza de camiños no rural e de fincas municipais.
g) Mantemento da estación Biogás e da superficie da cuberta do vertedoiro do Zondal.

2. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións e pregos de prescricións técnicas que rexen no contrato.

**e) En materia de transporte.**

1. Planificar, dirixir e executar a política municipal en materia de transporte urbano.

2. Ditar as disposicións que esixa o funcionamento dos servizos de transporte urbano colectivo de viaxeiros e o control do servizo.

3. As competencias atribuídas a esta Alcaldía no artigo 4 da Ordenanza Municipal reguladora do taxi na Cidade de Vigo

4. Resolución das cuestións en materia de transporte interurbano ou metropolitano que afecten á cidade.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

5. Xestionar o mobiliario urbano.

6. Regulación, resolución e control das cuestións relativas ao transporte escolar.

7. Xestión dos aparcadoiros soterrados públicos da cidade.

8. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias co obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos pregos de condicións e pregos de prescricións técnicas que rexen no contrato.

**f) En materia de inversións.**

1. Xestionar o Programa Municipal de coordinación, planificación, seguimento e a avaliación dos proxectos financiados cos fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

2. Xestionar os programas con financiación procedente da Unión Europea.

**g) En materia de Deportes.**

1. O deseño, programación, desenvolvemento e execución da política deportiva municipal mantendo, para os efectos, relación con organismos, clubes, entidades e institucións públicas e privadas para a correcta execución da dita política.

2. Relacións coa Fundación Vigo en Deporte (VIDE),

3. Dirixir e xestionar as actuacións necesarias para o mantemento e conservación das instalacións deportivas municipais, agás as atribuídas a concellería da Área de Goberno de Fomentos e Servizos.

4. Coordinar a actividade deportiva municipal cos clubes e entidades deportivas existentes no Municipio.

5. Autorizacións das probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas.

6. Dirección e xestión do Marisquiño.

**CUARTO.-**Delegar na **Concelleiro delegado de Deportes** baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da Resolución de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 as competencias en materia de deportes establecidas no presente decreto.

**QUINTO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data

da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SEXTO.-** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**SÉTIMO.-** Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

**OITAVO -** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**NOVENO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**DÉCIMO.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a delegación de competencias específicas do Alcalde no 2º Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**17.(133). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NA TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE E ÁREA DE GOBERNO DE FONDOS EUROPEOS, MEDIO AMBIENTE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 1499/1102 (EXPTE. PLENO 4517/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

**"DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NA TERCEIRA TENENTE DE ALCALDE E ÁREA DE GOBERNO DE FONDOS EUROPEOS, MEDIO AMBIENTE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.-**

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía,

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Delegar na **Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fondos Europeos, , Medio Ambiente, Educación e Normalización lingüística** as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos;

**a) En materia de Fondos Europeos.**

1. Impulsar a captación para o Concello de Vigo de fondos europeos.

2. Fomentar a participación do Concello de Vigo en todos aqueles proxectos e programas europeos con incidencia no desenvolvemento da cidade.

3. Coordinar as distintas concellerías delegadas identificar sinerxías no desenvolvemento dos programas con financiamento procedente da Unión Europea.

**b) En materia de Medio Ambiente.**

1. Dirixir, formular e coordinar plans e programas que teñan incidencia no medio ambiente urbano (mapas de ruído, contaminación atmosférica).

2. A adopción das Ordes de Execución que proceda por razón de salubridade, e a súa execución forzosa no caso de incumprimento, polos medios legalmente previstos.

3. Fomentar e velar pola regularización das actividades industriais, mercantís, comerciais e análogas co obxecto de controlar preventivamente e de cara ao futuro o funcionamento desas actividades, acadar unha descontaminación gradual e evitar os vertidos incontrolados á rede de sumidoiros, ás augas e ás costas, no ámbito das competencias municipais. Con este mesmo fin, colaborar e achegar a cooperación activa das Administracións Públicas e Organismos Autónomos competentes, propoñendo e asinando os convenios e concertos que proceda.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

4. Colaborar coas Administracións e Organismos Autónomos competentes co fin de manter e controlar os recursos hídricos e as marxes e canles dos ríos e regatos que transcorren polo termo municipal.

5. Control da contaminación atmosférica no ámbito das competencias locais.

6. Control da contaminación sonora e por vibracións no ámbito das competencias locais.

7. Exercitar as medidas precisas para evitar o abandono incontrolado de residuos no termo municipal e propoñer a rexeneración daqueles lugares que sexan ou fosen obxecto de vertidos incontrolados.

8. A xestión dos servizos de temporada que poidan establecerse nas praias, e o mantemento das praias e lugares públicos de baño en condicións de limpeza hixiene e salubridade, así como, vixiar a observancia das normas sobre salvamento e seguridade das vidas humanas e, así mesmo, calquera outra competencia que en materia de costas estea atribuída á competencia municipal e non corresponda a ningunha outra área delegada.

9. Velar pola limpeza e mantemento dos carreiros que transcorren polo termo municipal e valorar a conveniencia e oportunidade de crear novos carreiros.

10. Velar polo mantemento e conservación dos recursos naturais existentes en todo o termo municipal e en particular relativa ás especies naturais e a flora e fauna silvestre, no eido do marco de competencias municipais.

11. A responsabilidade superior na defensa e protección dos animais do termo municipal, a responsabilidade do servizo de recollida dos animais abandonados, e calquera outra atribución relativa aos animais domésticos e salvaxes en catividade.

12. As atribucións que corresponden a esta Alcaldía en relación coas reses mostrencas dentro do termo municipal.

13. Colaborar no deseño dos plans de emerxencia municipais que procedan, en especial, nos aspectos relativos a situacións de risco ambiental que se poidan presentar.

14. Propoñer as actuacións e medidas necesarias para conseguir a redución dos residuos sólidos urbanos (RSU) e a súa valorización fomentando a colaboración na recollida selectiva.

15. Desenvolver programas e campañas de información, sensibilización e concienciación social e aqueloutras que susciten a participación e colaboración activa da cidadanía en materia medioambiental.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

16. Concienciar á cidadanía das consecuencias nocivas que para o medio ambiente e para a convivencia social implica o uso incorrecto de produtos e o depósito irregular e inaxeitado de RSU.

17. Inspeccionar permanentemente o correcto funcionamento medioambiental dos servizos xestionados indirectamente por concesionarios para garantir que se presten de acordo cos correspondentes Pregos de Condicións e con observancia da normativa técnica sectorial aplicable en cada caso.

18. Dirixir e xestionar o "Parque Natural das Ciencias-Vigo Zoo" integrado no Servizo de Medio Ambiente.

**c) En materia de Sanidade e Consumo.**

1. Fomentar hábitos de vida saúdable na poboación.

2. Efectuar o seguimento na cidade do Plan de Saúde da Administración Autonómica propoñendo á mesma, a través da Xunta de Goberno Local, a ampliación ou mellora dos servizos sanitarios que sexan insuficientes.

3. Exercer as competencias atribuídas á administración municipal pola lexislación en materia de prevención de bebidas alcohólicas en menores de idade, en especial a potestade sancionadora que corresponda ao Alcalde.

4. Coordinar coa Administración Autonómica a inspección hixiénica e de consumo de todo tipo de produtos alimenticios que se ofrezan ao consumidor nos establecementos comerciais e especialmente nos mercados municipais de abastos.

5. Xestionar, coa Administración Autonómica, a acción de policía sanitaria de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente nos centros de alimentación, perruquerías, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade físico-deportivas e de lecer.

6. Fomentar a educación sanitaria dos consumidores e empresarios en materia de consumo e hixiene alimentaria.

7. A adopción das ordes de execución que proceda por razón de salubridade en fincas e edificios e, a súa execución forzosa no caso de incumpirmento polo medios legalmente previstos.

8. Manter contacto permanente cos órganos das restantes Administracións Públicas que desenvolvan e exerzan funcións relacionadas coa saúde, a hixiene dos alimentos, a salubridade pública e a protección ao consumidor.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

9. Información aos consumidores e usuarios, recepción, tramitación e resolución a través da Oficina Municipal de Información ao Consumidor (OMIC) das consultas e reclamacións relacionadas cos bens, produtos e servizos postos á súa disposición dentro do ámbito das súas competencias e a remisión destas, no seu caso, ás entidades ou organismos competentes.

10. Dirixir, xestionar, o Laboratorio Municipal para realizar os controis analíticos, o asesoramento técnico e o apoio aos diferentes departamentos do Concello, particulares e outras administracións que o precisen en aras a garantir a salubridade pública e a calidade do medio urbano.

11. Control, tratamento e prevención de pragas urbanas: desinfección, desratización e desinsectación.

12. Inspeccionar os aspectos sanitarios vinculados ás actividades relacionadas cos servizos funerarios e cemiterios no ámbito da competencia municipal e cantas outras sexan atribuídas á Alcaldía.

**d) En materia de educación.**

1. Promover a cooperación coas Administracións educativas co obxecto de lograr unha maior eficacia dos recursos destinados a educación. Elevar, a través do Consello Escolar Municipal, as propostas que considere oportunas para un mellor funcionamento e calidade do sistema educativo. Intervir, por medio dos representantes municipais, nos consellos escolares de centro e nas comisións económicas, para mellorar a vida escolar e colaborar na atención das demandas da comunidade educativa.

2. Planificar, dirixir e xestionar as accións precisas para garantir a conservación, mantemento, vixilancia, limpeza, abastecemento de auga, saneamento, luz e calefacción dos edificios destinados a centros públicos de educación infantil, primaria e especial propiedade do municipio.

3. Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, en colaboración coa área Política de Benestar Social e intervir na programación das bolsas e axudas para escolares que acorde o Concello.

4. Cooperar coa administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros públicos, impulsando e coxestionando en colaboración co Servizo de Patrimonio e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a posta a disposición ou cesión de terreos para as novas construcións educativas.

5. Xestionar e impulsar a realización de actividades extraescolares nos centros públicos, así como o establecemento de comedores e programas de acollemento de mañá no colexio ou escola e, en xeral, todas aquelas actividades que melloren a compatibilidade da vida laboral e familiar de pais e nais e permitan unha vida

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

máis feliz a nenas e nenos.

6. Potenciar a utilización das instalacións escolares fóra de horario lectivo e supeditadas á programación de actividades dos centros, para o seu uso deportivo, cultural, social e/ou educativo.

7. Fomentar a participación de nais e pais na escola e apoiar á comunidade educativa de cada centro.

8. Promover, dirixir e xestionar as escolas infantís municipais, especialmente de primeiro ciclo, en convenio coa Comunidade Autónoma. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisións de alumnado para cada período.

9. Promover, dirixir e xestionar a rede de escolas infantís municipais 0-3 (REIM), ao abeiro do marco normativo da Comunidade Autónoma de Galicia. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisión de alumnado para cada período.

10. Dirixir e xestionar as escolas municipais de música e artes escénicas (EMMA): Escola municipal de música de Vigo (EMMV), Escola municipal de teatro (EMT), Escola municipal de música folk e tradicional (E-TRAD), Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO) e Escola municipal de danza e percusión tradicional (EMD), así como aquelas outras que o Concello considere necesario crear. Ordenar o proceso de acceso, baremación e matriculación, así como aprobar as listas de admisión de alumnado para cada período.

11. Deseñar, dirixir e xestionar accións formativas para a educación básica de persoas adultas e, en xeral, fomentar e favorecer o desenvolvemento de actividades que axuden e propicien a formación das persoas ao longo de toda a súa vida (Life Long Learning).

12. Impulsar accións de orientación académica e profesional, especialmente no que se refire ás distintas opcións educativas, así como á mellor coordinación cos programas de inserción laboral que promova a correspondente área do Concello e os programas de garantía social.

13. Cooperar coas outras administracións con competencias educativas na creación e xestión de unidades de formación do profesorado e centros de recursos de ámbito inferior á provincia.

14. Promover a firma de convenios de colaboración coa Universidade de Vigo para a realización dos programas de investigación en materias propias da área e sobre Vigo como cidade educadora. Establecer convenios de colaboración con outras entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para promover en conxunto programas educativos ou de mellora da xestión das competencias municipais

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

nesta área.

15. Establecer, a través da propia Concellería, ou en colaboración con outras entidades premios e concursos de carácter municipal destinados a alumnos, profesores e centros escolares.

16. Dinamizar as actuacións que se deriven do desenvolvemento dos convenios de colaboración que se celebren coa Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

**e) En materia de Normalización Lingüística.**

1. Deseñar, dirixir, implementar, coordinar e avaliar as políticas municipais en materia normalización lingüística a desenvolver polo Concello de Vigo.

2. Dirixir e coordinar o Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV)

3. Impulsar o desenvolvemento do Plan de dinamización lingüística de Vigo e velar polo seu cumprimento.

4. Dirección e xestión do Consello Municipal da Lingua.

5. Xestionar, dirixir e avaliar campañas de dinamización lingüística nos sectores socioeconómico, socioeducativo, sociolaboral, sociocultural, nos ámbitos das novas tecnoloxías da información e especialmente aquelas dirixidas á mocidade e poboación infantil.

6. Organizar, xestionar, dirixir e avaliar actuacións desenvolvidas para un maior e mellor coñecemento da lingua galega e da súa realidade sociolingüística: obradoiros de lingua, obradoiros de comunicación oral, obradoiros de dinamización sociolingüística.

**CUARTO.-** Delegar na **Concelleira delegada de Medio Ambiente** baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da Resolución de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 as competencias en materia de medio ambiente sinaladas na presente resolución.

**QUINTO.-** Delegar na **Concelleira delegada de Educación e Normalización lingüística** baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da Resolución de data 30 de xuño de 2019 e 28 de xuño de 2024 e as competencias en materia de educación sinaladas na presente resolución. Así mesmo delégase na concelleira delegada a Presidencia do Consello Escolar Municipal de Vigo (CEMV).

**SEXTO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SÉTIMO.-** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**OITAVO.-** Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

**NOVENO.-** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**DÉCIMO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**DÉCIMO PRIMEIRO. -** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a delegación de competencias específicas do Alcalde na 3ª Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**18.(134). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NA QUINTA TENENTE DE ALCALDE E ÁREA DE GOBERNO DE EMPREGO, PATRIMONIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TECNOLOXÍA E RELACIÓN COAS EMPRESAS. EXPTE. 1499/1102 (EXPTE. PLENO 4518/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

**"DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NA QUINTA TENENTE DE ALCALDE E AREA DE GOBERNO DE EMPREGO, PATRIMONIO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ, TECNOLOXÍA E RELACIÓN COAS EMPRESAS.**

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño 2024 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na

Documento asinado

organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía,

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Delegar na **Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas,** as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos;

**a) En materia de Emprego.**

1. O deseño e dirección das políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego, tal e como:

   a) Apoio ao emprendemento mediante as convocatorias e axudas e subvencións á creación de empresas.

   b) Fomento dos Proxectos empresariais de interese municipal (PEIM).

2. O deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras.

3. Deseño, dirección e coordinación de proxectos financiados pola Unión Europea, relacionados coa formación, o emprego e o desenvolvemento local.

4. Impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego.

5. Impulsar, coordinar e supervisar os proxectos construtivos e obras en locais e terreos municipais, executados polo persoal dos programas de inserción laboral.

6. Actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais da cidade, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade.

7. Planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**b) En materia de Voluntariado.**

1. Dirixir e xestionar a Oficina Municipal de Voluntariado (OMD).

2. Xestionar o programa de "Traballos en Beneficio da Comunidade (TBC) e coordinar e xestionar cos servizos municipais

3. O deseño e desenvolvemento de actividades formativas dirixidas ás persoas voluntarias e ás entidades de voluntariado.

**c) En materia de Patrimonio.**

1. A asistencia a Comisións, reunións e demais actos que requiran a comparecencia dun representante municipal en materia da súa competencia, en especial as comisións de seguimento, informativas e reunións de Comunidades de Propietarios nas que o Concello sexa propietario.

2. Dirixir e xestionar o réxime, trafico xurídico e defensa dos bens patrimoniais e demaniais tramitando calquera operación de alta, baixa ou rectificación no Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD) dos bens integrantes do mesmo, tendo a facultade para recabar de calquera servizo municipal os datos necesarios para elo.

3. Tramitar os expedientes relativos á adquisición e alleamento do Patrimonio Municipal promovidos pola súa Area.

4. A xestión dos locais e demais inmobles municipais, sexan de natureza demanial ou patrimonial, xestión dos locais municipais de natureza demanial, cedidos en réxime arrendatario ou en concesión de dominio, excepción dos xestionados por outras áreas no exercicio das súas atribucións.

5. Nomear e mesmo presidir, as comisións municipais para a recepción dos locais, obras ou instalacións municipais que revertan ao patrimonio municipal ao remate das autorizacións e concesións demaniais ou por calquera outro título dependentes da súa Area.

6. Tramitar e xestionar as pólizas de seguros tendentes a cubrir a responsabilidade patrimonial municipal derivada do funcionamento dos servizos.

7. Tramitar a ITE dos inmobles municipais, agás aqueles adscritos a outras áreas que dispoñan de técnico municipal competente para a súa realización.

8. Tramitar e resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial con motivo dos danos e perdas causados polo funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

9. Impulsar a confección e actualización permanente do Inventario Municipal de Bens e Dereitos (IMBD), recabando os datos e información necesaria e ditando as ordes e instrucións que estime conveniente para os efectos ás demais áreas e servizos municipais.

10. En xeral, o control da administración, conservación e xestión do patrimonio municipal, a investigación de cantos bens e dereitos se presuma que forman parte del, o seu deslinde, o seu amolloamento, a súa protección e reivindicación, así como a esixencia de responsabilidades cando proceda.

11. O inicio e a resolución dos expedientes de investigación de oficio deslinde administrativo, ou recuperación posesoria, ao abeiro do disposto na normativa de aplicación.

12. A formalización e sinatura de toda clase de documentos públicos ou privados que requira a execución e cumprimento dos acordos e resolucións adoptadas no ámbito das competencias atribuídas a Área de Patrimonio, agás os que teñan por obxecto contratos ou negocios xurídicos sometidos a normativa en materia de contratos do Sector Publico.

13. A aprobación e/ou proposta dos expedientes relacionados coa xestión patrimonial o Auditorio Pazo de Congresos "Mar de Vigo", dos diferentes espazos do nmoble.

**d) En materia de Participación Cidadá e Distritos.**

1. Dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e á Participación Cidadá en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses xerais ou sectoriais da Comunidade Veciñal.

2. A xestión do Rexistro Municipal de Asociacións.

3. A tramitación dos expedientes de declaración de utilidade pública.

4. Xestión do Consello Sectorial de Participación Cidadá; impulsar, a través da Xunta de Goberno Local, aqueles consellos sectoriais non constituídos e coordinar, cos respectivos Presidentes, a eficacia no funcionamento dos xa existentes procurando a súa efectiva participación e asesoramento nos distintos sectores.

5. Xestión dos Centros Municipais de Distrito.

6. Coordinar e xestionar unha base de datos de información de interese para a cidadanía e que non estea recollida polo servizo de Administración Electrónica.

7. Promover a formación cidadá en novas tecnoloxías e o uso de internet, así como das actividades socioculturais e formativas nos Centros Municipais de Distrito,

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

procurando a colaboración das asociacións inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

8. Xestión e dar resposta das queixas que a cidadanía presente perante o Defensor do Pobo, Valedor do Pobo ou Valedor do Cidadán e que eses comisionados remitan para o seu informe ao Concello, tomando coñecemento das suxestións ou recomendacións recaídas neses procedementos.

9. Elaborar os estudos precisos para que dende a racionalidade organizativa municipal, homoxeneidade demográfica, localización física do territorio e eficacia administrativa se propoña no seu día ao Pleno do Concello a división territorial do termo municipal en Distritos que faciliten, a través dos seus respectivos órganos, a xestión desconcentrada dos asuntos municipais, todo elo sen prexuízo de establecer en posteriores resolucións os mecanismos de coordinación e posta en marcha que, no seu caso, resulten necesarios.

10. Froito do estudo referido no primeiro punto, e en coordinación co resto dos asuntos das distintas áreas que se estimen necesarios desconcentrar, facer chegar á cidadanía os servizos locais.

11. Servir de canle de comunicación das diferentes áreas delegadas recollendo, distribuíndo e facendo o seguimento das informacións, queixas e suxestións que as comunidades veciñais, cidadás, demais colectivos de barrios e parroquias dos ámbitos urbanos e periurbanos desexen facer chegar ao Concello.

**e) En materia de Tecnoloxía.**

1. Impulsar e potenciara incorporación da tecnoloxía e telecomunicacións en relación coa cidadanía.

**f) En materia de relación coas empresas.**

1. Apoiar a creación e consolidación de iniciativas empresariais.
2. Relación coas empresas.

Así mesmo atribúese as facultades en materia de relacións coa cidadanía e propostas de mellora na prestación dos servizos de mantemento dos elementos “Vigo Vertical”.

**SEGUNDO.-** O **Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos** baixo a dirección e coordinación da concelleiras de área de goberno asumirá as competencias municipais en materia de participación cidadá e distritos establecidas neste decreto conforme a Resolución de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 . Así mesmo delégase no Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos a presidencia do Consello Sectorial de Participación Cidadá.

**TERCEIRO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

**CUARTO.-** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**QUINTO.-** Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

**SEXTO-** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**SÉTIMO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**OITAVO.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a delegación de competencias específicas do Alcalde na 5ª Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**19.(135). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NA ÁREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL. EXPTE. 1499/1102 (EXPTE. PLENO 4519/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

**"MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NA ÁREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL.-**

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Delegar na **Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal** as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos

**a) En materia de Seguridade Cidadá**

1. Dirixir, organizar e coordinar coas respectivas Xefaturas os servizos de Policía Municipal baixo a directa supervisión da Alcaldía, que exercerá a superior Xefatura do Corpo conforme o disposto no artigo 124.4 da Lei 7/85, do 2 de abril.

2. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía pola normativa reguladora en materia de protección da seguridade cidadá, de Forzas e Corpos de Seguridade e Lei de coordinación de policías locais de Galicia.

3. O exercicio da potestade sancionadora de infraccións derivadas da aplicación sobre a lexislación de tráfico, circulación e seguridade viaria e os seus regulamentos, así como a derivada en materia de seguridade cidadá, e de ordenanzas ou regulamentos municipais que non estean atribuídas a outras concellerías por razón da materia.

**b) Prevención e extinción de incendios**

1. Ordenar e dirixir coa respectiva Xefatura do servizo o servizo de Extinción de Incendios e Salvamento propoñendo e executando plans de funcionamento e adquisición de material, mellora e actualización do mesmo.

2. Programar e coordinar actuacións en materia de prevención.

**c) Protección civil**

1. Exercer as facultades que legalmente lle resulten atribuídas á Alcaldía Presidencia de conformidade co disposto na normativa reguladora de réxime local, de Protección Civil e o seu desenvolvemento regulamentario; nas leis

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

autonómicas de Emerxencias e de Acción Voluntaria e o seu desenvolvemento regulamentario; así como a normativa municipal de aplicación.

2. Programar e promover campañas de sensibilización en materia de protección civil.

**d) En materia de Tráfico e estacionamento de vehículos.**

1. Planificar, dirixir e executar a través da Xefatura da Área de Mobilidade e Seguridade a política municipal en materia de tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade, en particular:

a) A elaboración, proposta e seguimento das políticas viarias dirixidas a unha mobilidade segura e sostible, a través da elaboración de plans e programas de seguridade viaria, en coordinación no seu caso coa Dirección Xeral de Tráfico.

b) A regulación, xestión e control do tráfico en vías urbanas e travesías, así como a planificación, dirección e coordinación das instalacións e tecnoloxías para o control, regulación, vixilancia e disciplina do tráfico e mellora da seguridade viaria naquelas.

c) O establecemento das directrices para a formación e actuación dos axentes da autoridade en materia de tráfico e circulación de vehículos a motor, sen prexuízo da competencia autonómica en materia de coordinación das policías locais.

d) Formular s declaracións de abandono de vehículos, para os efectos do previsto na normativa en materia de tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria; sen prexuízo das competencias delegadas que se lle encomendan á Concellería de Medio Ambiente para sancionar o abandono do vehículo.

2. A supervisión, control e fixación de toda clase de ordes e instrucións que deban ser cumpridas polos concesionarios dependentes da Área (XER, retirada de vehículos, sinalización horizontal e vertical, servizo de instalacións e regulación, control e información do tráfico), segundo a lexislación xeral e ós pregos das súas respectivas concesións.

3. Autorizacións de transportes especiais no marco da lexislación sobre regulación do tráfico e seguridade vial.

4. Autorizacións para circular vehículos en zonas de acceso restrinxido

**e) En materia de utilización/ocupación do dominio público e de espectáculos públicos.**

1. As competencias en materia da ocupación do sistema viario público que non estean atribuídas a outras concellerías por razón da materia.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

2. Exercer as atribucións conferidas á Alcaldía en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas pola normativa en materia de seguridade cidadá e o seu desenvolvemento regulamentario, estatal ou autonómico; así como pola normativa sectorial de aplicación.

3. Tramitación e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen a preceptiva autorización por particulares, en materias da competencia desta Área de Goberno

**f) En materia de Contratación e novos proxectos.-**

1. Dirección, xestión e coordinación da área de Contratación e Novos Proxectos

2. Formalización e sinatura dos contratos maiores, e cantos documentos se deriven da execución dos contratos municipais no seu ámbito material de competencia.

3. A Presidencia da Mesa de Contratación do Concello de Vigo.

4. A Xestión integral das marcas e demais dereitos de propiedade industrial do Concello de Vigo.

**g) En materia de Festas**

1. A xestión do Auditorio ao aire libre de Castrelos en relación á programación municipal que nel se desenvolva.

2. Planificación e xestión do Programa anual de concertos na cidade de Vigo.

3. Xestión do Programa do Entroido.

**h) En materia de Xestión Municipal.**

1. Coordinación xeral da Alcaldía

2. Planificación, seguimiento e coordinación en materia protocolo, relacións institucionais e relacións públicas

3. Exercer a totalidade das competencias de xestión administrativa, xestión económico-financeira e demais competencias delegables en relación coa área administrativa de Alcaldía e o seu persoal.

4. A dirección e coordinación dos órganos directivos do Concello e postos de colaboración adscritos aos mesmos incluíndo a facultade de solicitude de informes.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

5. Exercer as competencias aribuidas a Alcaldía pola lexislación vixente en materia de provisión de postos dos órganos directivos e postos de colaboración,aprobación de convocatoria de provisión dos postos e a súa e adxudicación-.

6. Elaboración do Regulamento Orgánico Municipal relativo á estrutura e organización interna do Concello, concretada na determinación dos niveis esenciais de organización municipal e, entre eles, as grandes áreas do goberno, así como ao órgano competente o organigrama municipal contendo a estrutura das Áreas e Servizos no marco da organización municipal.

**i) En materia de Goberno Aberto e Transparencia.**

1. Implantación, desenvolvemento e execución das políticas públicas de Goberno Aberto, promovendo a súa transversalidade no conxunto da organización municipal.

2. Impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

3. Resolución das solicitudes de acceso á información pública ao abeiro da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

4. Promover e coordinar as accións municipais para o cumprimento dos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible dentro da Axenda 2030, así como os procesos de identificación, implementación e monitoreo.

**j) En materia de Administración Electrónica.**

1. Asumir as competencias relacionadas coas tecnoloxías da información e o desenvolvemento da Sociedade da Información e, en particular, en relación cos proxectos de Cidade Intelixente.

2. Impulsar a apertura e a reutilización de datos como un medio de xerar valor público e transferir coñecemento á cidadanía.

3. Garantir o cumprimento e desenvolvemento das normativa aplicable en materia de administración electrónica, en particular, a relativa ao Esquema nacional de seguridade (ENS) no ámbito da Administración Electrónica e ao Esquema nacional de interoperabilidade (ENI) no ámbito da Administración Electrónica.

4. Propor e coordinar a política municipal TIC dunha forma transversal integrando os intereses das distintas areas e servizos.

5. Planificar, coordinar e supervisar as actuacións en materias referentes ao uso de ferramentas tecnolóxicas, hardware e software de xeito que se impulse un

uso eficiente e eficaz das mesmas.

6. Aprobación de formularios, modelos e impresos municipais a proposta das diferentes Concellerías Delegadas.

**k) <u>En materia de rexistros, información e arquivos</u>.**

1. Xestionar a Oficina de asistencia en materia de rexistro e o seu funcionamento conforme ao marco normativo vixente en cada momento e coordinar, no seu caso, as distintas oficinas municipais de asistencia en materia de rexistros

2. Xestión do Arquivo municipal e adopción das medidas precisas para garantir a conservación dos fondos documentais conforme co establecido no marco normativo de aplicación e xestionar a política de xestión documental cara ao Arquivo Electrónico único.

3. Dirixir, organizar e coordinar a rede de atención á cidadanía mediante o servizo de atención telefónica que se canaliza a través do 010 e servizo telemático a través do portal web institucional, canais de atención en redes sociais, aplicacións móbiles.

4. Propor medidas e accións para incrementar o acceso e utilización da información e mellorar a atención á cidadanía respecto dos servizos que presta e, en xeral, sobre a cidade de Vigo en todos aqueles temas de interese para a cidadanía.

**h) <u>En materia de recursos humanos e persoal</u>.**

1. Desenvolver a xefatura directa e inmediata do persoal municipal.

2. Planificación estratéxica e económica da área de Recursos Humanos e Formación: para a elaboración do Capítulo I de gastos dos Orzamentos Municipais en coordinación coa Concellería-delegada da Área de Orzamentos e Facenda, relación de postos de traballo e plans de ordenación de persoal e mellora), liñas estratéxicas do plan de formación.

3. Presidir a Mesa Xeral e Sectorial de negociación.

4. Designar os membros do Comité de Seguridade e Saúde Laboral a proposta da concelleira delegada.

5. Estratexia de innovación e mellora na xestión de persoas (acordos relativos a posta en marcha de proxectos, programas, grupo de traballo).

6. Designación de funcionario/a público autorizado/a para a comparecencia perante a Inspección de Traballo, Seguridade Social e Autoridade Laboral.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

7. A representación legal do Concello na sinatura dos contratos laborais agás os que correspondan a Área de Goberno de emprego.

8. A competencia para a designación de funcionario/a público autorizado/a para a comparecencia perante a Inspección de Traballo, Seguridade Social e Autoridade Laboral.

**i) En materia de Réxime Interior.**

En relación co Servizo de Estatística:

1. Dirixir a xestión do Padrón Municipal de Habitantes efectuando a través dos medios informáticos axeitados as actuacións e operacións necesarias para a súa actualización e revisión,resumes numéricos do padrón, comunicando e coordinando as mesmas cos rexistros dos padróns fiscais.

2. Manter cos órganos e organismos da Administración do Estado, especialmente co Instituto Nacional de Estatística, Rexistro Civil e Oficina do Censo Electoral o intercambio de información e coordinación precisa.

3. Acordar a baixa das inscricións duplicadas ou inscricións indebidas no Padrón Municipal de Habitantes.

4. Declarar de oficio a inscrición padronal da veciñanza incursa nos supostos legais que corresponda.

5. Acordar a baixa por caducidade das subscricións padronales dos estranxeiros non comunitarios sen autorización de residencia permanente que non sexan renovadas cada dous anos, nos termos establecidos en cada momento pola normativa, e instrucións de aplicación.

6. Dirixir a xestión do rueiro municipal mantendo actualizada a nomenclatura e rotulación das vías públicas e a numeración dos edificios, dando parte aos Rexistros da Propiedade e coordinando coa Xerencia Municipal de Urbanismo a elaboración da cartografía axeitada (Guías urbanas).

7. Nomeamento das vias e espazos públicos urbanos agás os que se concedan ao abeiro do regulamento de honores e distincións.

8. Emitir os informes do número de policía das rúas para engadir aos expedientes de solicitude de licenza de obras, segundo acordo da Xerencia Municipal de Urbanismo.

9. Ordenar a revisión anual da relación de entidades e núcleos de poboación e a división en seccións do termo municipal.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

**SEGUNDO.-** Delegar na **Concelleira delegada de Normalización Lingüística Educación, Formación e Recursos Humanos e Formación** baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da Resolución de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 as seguintes competencias en materia de recursos humanos e formación:

1. Interlocución cos órganos de representación sindical dos empregados/as públicos municipais.

2. Dirección e xestión en materia de prevención de riscos laborais.

3. Presidir o Comité de Seguridade e Saúde Laboral.

3. Suplir a Presidencia da Mesa Xeral e Sectorial de negociación, en caso de ausencia.

4. O impulso, en colaboración coa Concellería-Delegada en materia de Igualdade, das actuacións necesarias para a posta en marcha do Plan de Igualdade no Concello de Vigo.

5. Ostentar a representación legal do Concello de Vigo nos procedementos que se sigan perante a Inspección de Traballo, Autoridade Laboral e outras administracións públicas en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais.

6. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo relacionados co persoal municipal, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos.

7. Participar como un dos representantes da Corporación na Comisión Paritaria de Seguimento do Acordo Regulador das Condicións de Traballo.

**TERCEIRO.-** A **Concelleira delegada de atención a cidadanía** asumirá no ámbito da súa delegación e baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno nos termos da Resolución de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024 as seguintes competencias e as competencias municipais en materia de rexistros; arquivos; estadística e conserxería, información e relacións coa cidadanía na prestación dos servizos de limpeza e ciclo da auga.

**CUARTO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

**QUINTO -**Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**SEXTO-** Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

**SÉTIMO.-** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**OITAVO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**NOVENO.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a delegación de competencias específicas do Alcalde na Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**20.(136). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NA ÁREA DE GOBERNO DE POLÍTICA SOCIAL, TURISMO E XUVENTUDE. EXPTE. 1499/1102 (EXPTE. PLENO 4520/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

"**DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE ÁREA DE GOBERNO DE POLITICA SOCIAL, TURISMO E XUVENTUDE.**

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Decreto da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Delegar na **Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude** as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos.-

**a) En materia de Política Social:**

1. Detección e estudo das necesidades sociais e demandas das persoas, grupos ou da comunidade en xeral, procurando garantir a atención, valoración técnica, orientación, información, asesoramento e a prestación dos servizos sociais básicos a aqueles sectores da poboación que se atopen en situación de desprotección ou risco de exclusión social.

2. Promover e impulsar cantas actividades se consideren necesarias para contribuír ao desenvolvemento dunha maior participación e colaboración da sociedade diante dos problemas de marxinación, desprotección e exclusión social, para o que fomentará a coordinación coas entidades integrantes do terceiro sector que actúan na cidade, a participación comunitaria e o asociacionismo, dispoñendo a concesión de axudas económicas a entidades e asociacións sen ánimo de lucro.

3. Colaborar e recabar a colaboración das demais Administracións Públicas no exercicio das respectivas competencias en materia de servizos sociais e das funcións e tarefas relacionadas cos Servizos Sociais e a Política de Benestar Social, demandando desas outras Administracións os medios necesarios complementarios para atender ás novas peticións de colaboración.

4. Formular a programación e xestión dos plans de formación específica do persoal de Servizos Sociais e impulsar as actividades formativas dirixidas especificamente ás persoas en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión social.

5. Formalizar os acordos de incorporación das persoas usuarias aos programas básicos de acollemento e inclusión social e de transición á vida autónoma do «Centro Integral de Inclusión e Emerxencia social» (Albergue-CIIES).

6. Dirixir o «Centro Preventivo e Asistencial de Drogodependencias» (CEDRO), que presta servizos sociosanitarios ás persoas drogodependentes a través da "Unidade Asistencial de Drogodependencias" e da "Unidade de Día".

7. Ostentar a superior dirección e representación no «Centro Integral de Inclusión e Emerxencia social» e a representación municipal no Padroado da «Fundación Casa del Pescador – Institución Valeriola».

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

8. Presidir os Consellos sectoriais da Área de Política de Benestar Social (Consellos das Migracións, de Cooperación internacional e Solidariedade e de Accesibilidade).

9. Xestionar e realizar o seguimento dos programas de información e mediación intercultural dirixidos a inmigrantes e emigrantes retornados.

10. Asumir a dirección política para a implementación das axudas humanitarias que se concedan directamente e das subvencións a proxectos de cooperación internacional ó desenvolvemento que se outorguen polo Concello conforme coas bases aprobadas.

11. Aquelas outras atribucións derivadas dos convenios de cooperación social e desenvolvemento asinados polo Concello en materia de Benestar Social.

**b) En materia de Turismo:**

1. Dirección, impulso, coordinación e supervisión das líneas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico. Plan de sostenibilidade turística

2. Promoción turística do municipio en feiras e certames, (FITUR).

3. Dirección do servizo municipal de turismo e da información e atención aos visitantes: Centro de Recepción de Visitantes (CRV), Centro de Interpretación de Vigo y su ría (CIVR) e do receptivo de cruceiristas.

4. Coordinación e supervisión daqueles asuntos que deban ser aprobados pola Xunta de Goberno Local.

5. Dirección e impulso das candidaturas das Illas Cíes Patrimonio Mundial UNESCO e Illas Cíes Xeoparque Mundial UNESCO.

6. Festas de interese turístico: A brincadeira, Festival Pirotécnico de Bouzas.

7. Coordinación e dirección do turismo MICE municipal.

8. Relacións coa Fundación Vigo Convention Bureau en coordinación coa Vicepresidencia da Fundación.

**c) En materia de Xuventude**

1. A dirección e xestión da Casa da Xuventude, servizos de Información e dinamización Xuvenil; Centro de Usos Múltiples Vigosónico; servizos de Dinamización Infantil, Horta Escola e Servizos de acceso a internet.

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

2. Garantir o deseño e execución dunha política integral, coherente e eficaz, coordinando todas as actuacións que en materia de Xuventude se xestionen polo Concello.

3. Impulsar o traballo en rede (cooperación e coordinación) entre os axentes implicados no traballo coa mocidade e as políticas xuvenís.

4. Impulsar a elaboración, execución, coordinación e avaliación do I Plan de Xuventude, en coordinación coas demais concellerías, que de xeito transversal teñan ao colectivo xuvenil como destinatario das súas políticas

5. Promover a creación de programas e proxectos de educación non formal dirixidos á xuventude no ámbito do ocio saudable, a educación afectivo-sexual, a emancipación xuvenil, a participación e o asociacionismo.

6. Propoñer e impulsar medidas de integración e eliminación de situacións de desigualdade cara á poboación xuvenil do municipio.

7. Establecer medidas e actuacións de carácter educativo-formativo e participativo tendentes á ocupación do lecer e tempo libre da mocidade do municipio

**SEGUNDO.-**Delegar na Concelleira delegada de Turismo e Xuventude baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno e nos termos da Resolución de data 20 de xuño de 2023 e posterior de data 28 de xuño de 2024 as competencias en materia de turismo e xuventude sinaladas na presente resolución.
Así mesmo a Concelleira delegada de Xuventude e Turismo exercerá a Vicepresidencia da Fundación Vigo Convention Bureau.

**TERCEIRO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

**CUARTO.-** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**QUINTO.-** Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

**SEXTO-** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**SÉTIMO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así

mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**OITAVO. -** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a delegación de competencias específicas do Alcalde na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**21.(137). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO ALCALDE NA CONCELLEIRA DA ÁREA DE GOBERNO DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO E FESTAS ESPECIAIS. EXPTE. 1499/1102 (EXPTE. PLENO 4521/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

**"DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS ESPECIFICAS DO ALCALDE NA CONCELLERÍA DE ÁREA DE GOBERNO DE PARQUES E XARDÍNS, COMERCIO, E FESTAS ESPECIAIS.**

Trala modificación da estrutura da administración municipal (2023-2027) por Resolución da Alcaldía de data 28 de xuño de 2024 procede modificar a Resolución de delegación de competencias específicas nos titulares das Concellerías de Área de Goberno e Concellerías Delegadas.

As dinámicas de funcionamento municipal fan aconsellable delegar competencias nos concelleiros/as de área e concelleiros delegados en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía –art. 124.4 Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local- e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais esta Alcaldía,

**RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Delegar na **Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais** as seguintes atribucións do Alcalde, que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área xunto coas competencias xenéricas atribuídas

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

por Decreto da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e sen prexuízo das competencias delegadas especificamente noutros órganos.-

**a) En materia de parques e xardíns**

1. Elaborar e propoñer proxectos ao órgano competente para súa aprobación e posteriormente dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a xestión, conservación e mellora das zonas verdes, áreas infantís e biosaudables e mobiliario urbano.

2. Elaborar e propoñer ao órgano municipal competente a aprobación dun Regulamento de Protección de Zonas Verdes, Espazos Naturais e Parques Forestais no que se prevexan as accións necesarias para a defensa das zonas verdes urbanas e periurbanas, das árbores e das especies vexetais nas rúas, prazas e demais bens que integran o dominio público municipal.

3. Manter actualizado o Inventario de zonas verdes, mobiliario urbano, áreas infantís e biosaudables.

4. Dirixir e xestionar as actividades e servizos do Viveiro Municipal.

5. Inspeccionar permanentemente o funcionamento dos servizos de conservación e mantemento que sexan xestionados indirectamente por empresas concesionarias ao obxecto de garantir a súa prestación de acordo co previsto nos Pregos de Condicións que rexen no contrato.
6. Competencias en materias de xestión da rede de faixas secundarias de xestión de biomasa que establece a lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
7. Xestión do convenio da cesión dun dereito de uso de determinada superficie localizada na cu berta do centro vialia-estación de Vigo para o seu destino a uso público (praza)

**b) En materia de Comercio**

1. Dirección e xestión das accións en materia de promoción, dinamización, fomento e desenvolvemento do pequeno e mediano comercio da cidade, principalmente en canto a formación, asociacionismo, promoción de actividade e xestión de axudas e subvencións e sinaladamente, entre outras, a actividade Vicus Spacorum.

2. A interlocución coas Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.

3. O impulso das actividades feirais.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

4. Promover a participación institucional do Concello en feiras, exposicións e certames.

5. Dirección e xestión dos mercados de abastos municipais.

**c) En materia de festas especiais**

1. A análise, estudo e impulso das festas e eventos especiais de maior impacto na cidade, en termos sociais, económicos e de turismo.

2. O impulso, a tramitación e xestión das actuacións municipais relacionadas coas festas especiais, en particular, as relativas á celebración do Nadal, a Reconquista, Festa do Magosto, Festas tradicionais, patronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais, Festa do Mexillón, Festa do Polbo, e Festa da Sardiña.

**CUARTO.**- A **concelleira delegada en materia de Igualdade e Comercio** asumirá no ámbito da súa delegación e baixo a dirección e coordinación da concelleiras de área de goberno asumirá as competencias municipais en materia de comercio sinaladas no apartado segundo nos termos da Resolución da Alcaldía de data 20 de xuño de 2023 e 28 de xuño de 2024.

**QUINTO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SEXTO.-**Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**SÉTIMO.-** Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros e concelleiras.

**OITAVO.-** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**NOVENO .-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo no portal de transparencia aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**DÉCIMO.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.”

ACORDO.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a delegación de competencias específicas do Alcalde na Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**22.(138). DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 28.06.24, DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DE ÁREA DE GOBERNO E NOS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 1483/1102 (EXPTE. PLENO 4522/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 28.06.24, que di o que segue,

“**MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DE ÁREA DE GOBERNO E NOS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 1483/1102**.

Dáse conta da proposta de data 28/06/2024, asinada pola secretaria de Goberno local, e polo Sr. Alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

En data 22 de xuño e posterior 28 de xullo de 2023 e 8 de marzo de 2024 a Xunta de Goberno delegou nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área.

Como consecuencia da modificación da estrutura organizativa procede modificar o acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros de Área de Goberno.

As dinámicas de funcionamento municipal, a necesidade de imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos, fan aconsellable delegar en órganos de xestión unipersoal unha serie de competencias en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBRL e demais normativa de aplicación polo que a vista do informe da área de contratación e novos proxectos formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA DE ACORDO:**

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**PRIMEIRO .** - Modificar o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023 modificado posteriormente por acordo de data 28 de xullo de 2023 e 8 de marzo de 2024 e delegar nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido

**I.- Na de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.**

En materia de Igualdade,

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

**II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.**

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.

2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.

3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras

4. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.

5. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).

6. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.

7. Resolución do expediente de danos e perdas con motivo da suspensión dos contratos de obras

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

8. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren Municipal de Balaídos.

9. Aprobación dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 que impliquen desenvolvemento da xestión económica, autorización e disposición de gastos.

10. O exercicio das acciones xudiciais e administrativas que deriven dos actos que que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.

11. A tramitación e resolución dos expedientes de revisión de prezos extraordinarios regulado no Real Decreto Lei 3/2022, de 1 de marzo.

12. Outorgar as autorizacións para a colocación de anuncios publicitarios nos soportes das instalacións de iluminación pública previstos na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

<u>En materia de Transportes</u>

1. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:

   a) Reserva de estacionamento e paradas
   b) Reservas especiais para persoas con discapacidade

2. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.

3. Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar, licenzas de taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

**En materia de Deportes.**

1. Outorgar a autorizacións das probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas agás que a lexislación sectorial atribúa expresamente a competencia a un órgano distinto a la Junta de Goberno.
2. Outorgar as autorizacións demaniais nas instalacións de deportivas municipais.

**III.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística.**

<u>En materia de Medio Ambiente</u>

Outorgar as preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

<u>En materia do Zoolóxico municipal</u>

Resolución de cesións e aceptacións gratuítas de animais –sen valor económico-.

<u>En materia de Cemiterios</u>

1. Outorgar as autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).

2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

**IV.- Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.**

<u>En materia de Emprego</u>

A tramitación dos contratos laborais polos procedementos legalmente establecidos, formalización e extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

<u>En materia de Patrimonio</u>

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistrais de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistrais, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistrais que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.

3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congresos Mar de Vigo.
4. Declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato nos expedientes de responsabilidade patrimonial.

**V.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.**

**En materia de Seguridade**

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.

2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.

3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa,de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.

4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.

5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:

   a) Reserva de estacionamento e paradas
   b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
   c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.

6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.

7. Concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinario que se celebren en vías ou espazos público.

8. As facultades inherentes ao réxime de control administrativo respecto de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren en vías ou espazos públicos.

9.- Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

**<u>En materia de Contratación</u>**

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.

3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.

4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.

5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.

6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.

7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.

9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)

10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.

11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas

12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira o Concello.

13. A competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.

14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).

**En materia de Recursos Humanos**

1. A concesión dos permisos e licenzas de todo o persoal municipal

2. O recoñecemento do grao persoal e trienios.

3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.

4. A aprobación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.

5. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.

6. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.

7. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.

8. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.

9. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.

10. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.

11. Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

<u>En materia de SPPRL</u>

1. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.

2. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, propostos por cada concellería delegada.

3. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

**VI. Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude.**

En materia de Política de Benestar social,

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario,sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto

2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliaria municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

**VI. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.**

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

**VII.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais.**

**En materia de parques e xardíns**

1. Outorgar as autorizacións de talas e traslado de arbolado o masas arbóreas, así como as ocupacións nas zonas verdes públicas.

2. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.

3. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos

contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

**En materia de Comercio**

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.

2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.

**TERCEIRO.-** Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Xunat de Goberno Local e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.

2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencias técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites que no seu caso establecidos.

3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.

4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como a súa prórroga e a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.

5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos.

6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local.

7. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.

8. Resolución dos expedientes de reintegro de subvencións.

9. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.

10. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.

11. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.

12. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, solicitando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.

13. Delegar nos/nas Concelleiros/as de Área de Goberno, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.

14. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

15. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.

16. A facultade de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.

17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

**CUARTO. - _**Delegar nos concelleiros/as delegados en asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local e no ámbito da súa delegación as atribucións relativas a incoación de expedientes , sinatura de memoria xustificativa dos contratos menores, informe da necesidade de contratación e calquera acto trámite, xa sexa de ordenación ou instrución. Así mesmo atribúese aos concelleiros/as delegados a facultade de conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.

**QUINTO .-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SEXTO.-** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**SÉTIMO.-** As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

**OITAVO.-** O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

NOVENO .- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

**DÉCIMO-** Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**DÉCIMO SEGUNDO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**DÉCIMO TERCEIRO.**- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do acordo da Xunta de Goberno sobre a modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e nos concelleiros/as delegados/as. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

**23.(139). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 28.06.24, DA ESTRUTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS (2023-2027). EXPTE. 1482/1102 (EXPTE. PLENO 4523/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, que di o que segue,

"**ESTRUTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS (2023-2027)**

Trala constitución da nova corporación o pasado día 17 de xuño de 2023 e conforme o establecido no artigo 124.4.k) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local aprobouse por Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2023 e posterior corrección de data 28.06.2024 a estrutura da administración municipal (2023-2027).

Como consecuencia da toma de posesión da nova concelleira Dna. Patricia Iglesias López procede modificar a estrutura da administración municipal.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

Co fin de mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregado esta Alcaldía en uso das facultades atribuídas no artigo 124.4 k) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local no establecemento da organización e estrutura da Administración municipal executiva, **RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Modificar a Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28.06.2023 de xeito que a administración do Concello de Vigo, baixo a superior dirección do Alcalde, estruturase nas seguintes áreas de goberno e concellerías delegadas:

1.1 Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade.

1.2. Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

1.3. Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.

1.4. Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.

1.5. Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

1.6. Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

1.7. Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude.

1.8. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

1.9. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

1.10 Portavocía do Goberno.

2. A Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

2.1. Concellería delegada de Cultura.
2.2. Concellería delegada de Igualdade.

3. A Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:

3.1.Concellería delegada de Deportes.

4. A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

4.1. Concellería Delegada de Medio Ambiente.
4.2. Concellería Delegada de Educación e Normalización Lingüística

5. A Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas dirixirá e coordinará a seguinte concellería delegada:

5.1. Concellería delegada de Participación Cidadá e Distritos.

6. A Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

6.1. Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación.
6.2. Concellería delegada de atención a cidadanía.

6. A Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude dirixirá e coordinará a seguinte concellería delegada:

6.1. Concellería delegada de Turismo e Xuventude.

7. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:

7.1. Concellería delegada de Comercio.

**Segundo-** Sen prexuízo da miña superior dirección política, goberno e coordinación dos servizos corporativos do Concello de Vigo corresponden as áreas as competencias nas materias que a continuación se relacionan, nos termos que se determinen na resolución de delegación de atribucións do Alcalde e Xunta de Goberno Local:

**1.- MARÍA DEL CARMEN SILVA REGO.- Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade.**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de Patrimonio Histórico, así como as relacións co Consorcio do Casco Vello de Vigo; cultura; promoción de actividades culturais; bibliotecas; Rede de museos municipais, auditorio municipal;monumentos; igualdade; coordinación dos grandes eventos da cidade (actos de cidade).

**2.- FRANCISCO JAVIER PARDO ESPIÑEIRA .- Segundo Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de fomento; obras públicas;planificación e execución de infraestruturas urbanas;ciclo integral da auga;transporte público;parque móbil e parque central;electromecánicos;limpeza;xestión de residuos sólidos; obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, campo de Fútbol da

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

Madroa e Barreiro.; deportes; xestión de instalacións deportivas municipais; programación deportiva e eventos deportivos.

**3.- ELENA ESPINOSA MANGANA.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de fondos europeos: medio ambiente; promoción da saúde; consumo; cemiterios; desenvolvemento sostible da cidade;control da contaminación atmosférica e sonora;educación e normalización lingüística.

**4.- MARÍA JOSÉ CARIDE ESTÉVEZ.- Cuarta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planeamento urbanístico; xestión urbanística; licenzas; patrimonio municipal do solo; vivenda; rehabilitación e rexeneración urbana agás as competencias atribuídas a patrimonio histórico.

Adscríbese a está área o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

**5.-ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA. Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de políticas de desenvolvemento local relacionadas co emprego; voluntariado; patrimonio e participación cidadá, distritos; proposta de mellora na prestación de servizos de mantemento dos elementos “Vigo Vertical”; tecnoloxías e relación coas empresas.

**6.- PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.**

As competencias municipais en materia de seguridade e mobilidade; ocupación de dominio público; policía local; servizo de extinción de incendios e salvamento;protección civil; contratación; festas;programación auditorio ao aire libre de Castrelos; organización e dirección dos órganos directivos; gabinete de alcaldía; protocolo; relacións públicas; transparencia; administración electrónica; protección de datos; datos abertos; axenda urbana; obxectivos do desenvolvemento sostible; recursos humanos e formación; réxime interior; arquivos; rexistros administrativos e información.

**7.- YOLANDA AGUIAR CASTRO.- Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude.**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de políticas de familia e infancia; servizos sociais; atención as persoas maiores;inmigración e drogodependencia; turismo e xuventude.

**8.- JAIME ANEIROS PEREIRA.- Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de planificación, fixación e desenvolvemento das directrices xerais da Área de Orzamentos e Facenda; a planificación da execución orzamentaria e o conxunto da actuación económica e financeira da Corporación; a planificación, dirección e execución da xestión tributaria municipal; a superior dirección dos Servizos de Tesourería e Recadación municipal e a dirección da Xestión Catastral delegada do Concello segundo o convenio de colaboración vixente.

**9.- ÁNGEL RIVAS GONZÁLEZ.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais.**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de zonas verdes ; comercio; venda ambulante; actividades feriais e mercados municipais; festas especiais.

**10.- CARLOS LÓPEZ FONT.- Portavocía do Goberno.**

Corresponderanlle as competencias municipais en materia de relacións co pleno da corporación.

**11.- MARÍA OLGA ALONSO SUÁREZ.- Concelleira delegada de Normalización lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación.**

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación das respectivas concelleiras de área de goberno as competencias municipais en materia de normalización lingüística; educación;recursos humanos e formación.

**12.- NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.- Concelleira delegada de Medio Ambiente.-**

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de medio ambiente; promoción da saúde;consumo; cemiterios; desenvolvemento sostible da cidade; control da contaminación atmosférica e sonora.

**13.- JOSE MANUEL FERNÁNDEZ PÉREZ.- Concelleiro delegado de Deportes.**

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira da área de goberno as competencias municipais en materia de deportes; xestión de instalacións deportivas municipais; programación deportiva e eventos deportivos.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**14.- PABLO LUIS ESTÉVEZ RODRÍGUEZ.- Concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos.**

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación do concelleiro de área de goberno as competencias municipais en materia de participación cidadá e distritos.

**15.- MARÍA DEL CARMEN LAGO BARREIRO.- Concelleira delegada de Turismo e Xuventude.**

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de turismo e xuventude.

**16.- GORKA GÓMEZ DÍAZ.- Concelleiro delegado de Cultura.**

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da concelleira de área de goberno as competencias municipais en materia de cultura; promoción de actividades socioculturais; bibliotecas; Rede de museos municipais, auditorio municipal.

**17.- ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ.- Concelleira delegada de Igualdade e Comercio.**

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación das respectivas concelleiras de área de goberno as competencias municipais en materia de igualdade e comercio.

**18.- PATRICIA IGLESIAS LÓPEZ.- Concelleira delegada de atención a cidadanía.**

Corresponderanlle baixo a dirección e coordinación da respectiva concelleira de área de goberno as competencias en materiaen materia de rexistros; arquivos; estadística; conserxería; información e relacións coa cidadanía na prestación dos servizos de limpeza,ciclo da auga.

**TERCEIRO. -** As competencias nos concelleiros/as de área de goberno inclúen a facultade de dirección, planificación, e coordinación política das áreas administrativas que desenvolvan funcións no ámbito material da competencia delegada, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Así mesmo atribuíse expresamente a ditos concelleiros a resolución dos recursos de reposición interpostos contra os actos por eles ditados cando sexa susceptible deste.

**CUARTO.-** As competencias nos concelleiros/as delegados/as inclúen as facultades de dirección interna e xestión dos ámbitos da actividade administrativa integrados na súa delegación, incluída, a facultade de formular proposta de resolucións dos decretos que deban ser adoptados polo concelleiro/a de área de goberno e conformar, xunto con este, o informe-proposta dos acordos que se eleven a Alcaldía, á Xunta de Goberno Local ou Pleno, para súa aprobación.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**QUINTO.-** Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro,de Réxime Xurídico do Sector Público.

**SEXTO.-** As facultades que poderán exercer os Concelleiros/as de área de goberno e concelleiros/as delegados en relación coas atribucións obxecto de delegación serán as que correspondan ao órgano delegante reservándose, non obstante, esta Alcaldía, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de avogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

**SÉTIMO.**- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada da xestión das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas, así mesmo deberá ser informada previamente á adopción de decisións de transcendencia, nos termos que por esta se determinen.

**OITAVO.-** As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros,entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestacións rexeitando a delegación

**NOVENO.** Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

**DÉCIMO.-** Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**DÉCIMO SEGUNDO.-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

**DÉCIMO TERCEIRO.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a estrutura da administración do Concello de Vigo. Delegación de competencias (2023-2027). O Pleno toma coñecemento do mesmo.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**24.(140). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DE DATA 1.07.24, DA ESTRUTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS (2023-2027). EXPTE. 1482/1102 (EXPTE. PLENO 4524/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 01.07.24, que di o que segue,

**"ESTRUTURA DA ADMINISTRACIÓN DO CONCELLO DE VIGO: DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS (2023-2027)**

Por Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024 modificouse a Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28.06.2023. Advertido erro no apartado primeiro de dita Resolución referido a estrutura da administración do Concello de Vigo ao figurar co mesmo número correlativo de orde, núm 6, a Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e a Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude e con número 7 a Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, procede a súa rectificación.

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Polo exposto, esta Alcaldía **RESOLVE**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o error material advertido no apartado primeiro da Resolución da Alcaldía de data 28.06.2024 pola que se modificou a Resolución de delegación de competencias: estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28.06.2023 de xeito que:

*onde dí*

"6. A Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

6.1. Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación.
6.2. Concellería delegada de atención a cidadanía.

6. A Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude dirixirá e coordinará a seguinte concellería delegada:

6.1. Concellería delegada de Turismo e Xuventude.

7. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:

7.1. Concellería delegada de Comercio".

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

*Debe dicir*

"6. A Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

6.1. Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación.
6.2. Concellería delegada de atención a cidadanía.

7. A Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude dirixirá e coordinará a seguinte concellería delegada:

7.1. Concellería delegada de Turismo e Xuventude.

8. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:

8.1. Concellería delegada de Comercio".

**SEGUNDO.-** Conforme o apartado primeiro a administración do Concello de Vigo, baixo a superior dirección do Alcalde, estruturase nas seguintes áreas de goberno e concellerías delegadas:

1.1 Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, e Igualdade.

1.2. Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

1.3. Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística.

1.4. Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda.

1.5. Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

1.6. Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

1.7. Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude.

1.8. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

1.9. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

1.10 Portavocía do Goberno.

2. A Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

2.1. Concellería delegada de Cultura.
2.2. Concellería delegada de Igualdade.

3. A Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:

3.1.Concellería delegada de Deportes.

4. A Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

4.1. Concellería Delegada de Medio Ambiente.
4.2. Concellería Delegada de Educación e Normalización Lingüística

5. A Área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas dirixirá e coordinará a seguinte concellería delegada:

5.1. Concellería delegada de Participación Cidadá e Distritos.

6. A Área de Goberno Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal dirixirá e coordinará as seguintes concellerías delegadas:

6.1. Concellería delegada de Recursos Humanos e Formación.
6.2. Concellería delegada de atención a cidadanía.

7. A Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude dirixirá e coordinará a seguinte concellería delegada:

7.1. Concellería delegada de Turismo e Xuventude.

8. Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais dirixirá e coordinará as seguinte concellería delegada:

8.1. Concellería delegada de Comercio.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución a todos/as os concelleiros/as.

**CUARTO .-** Comunicar a presente resolución ás persoas responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

**QUINTO-** O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

**SEXTO.-** Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

ACORDO.

*A* Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación da Resolución da Alcaldía sobre a estrutura da administración do Concello de Vigo. Delegación de competencias (2023-2027). O Pleno toma coñecemento do mesmo.

## 25. FORMULACIÓN DE ROGOS.

**25.1.(141).** Rogo formulado pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. Ante as máis de 15 mil queixas dende o inicio do mandato, rogamos que se reactive a oficina do Valedor do Cidadán como mecanismo para protexer os dereitos da veciñanza e exercer unha maior supervisión e control sobre o funcionamento dos servizos dependentes do Concello e que someta ao Pleno o seu preceptivo informe anual, así como se proceda á inmediata constitución da Comisión de Suxestións e Reclamacións atendendo o seu carácter obrigatorio segundo o vixente Regulamento Orgánico do Pleno.

**25.2.(142).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. Rogamos den a orden de publicar a convocatoria das bolsas de comedor canto antes para evitar máis demora na adxudicación destas axudas, fundamentais para moitas familias que non poden adiantar os cartos, sen saber si van saír ou non beneficiarios das mesmas.

## 26. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**26.1.(143).** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Abalde Comesaña. ¿Cando ten previsto o Goberno municipal formalizar a convocatoria das axudas para libros, material escolar e comedor, que está pendente desde que o pasado 13 de maio xa se publicasen as súas bases, para evitar un atraso inda maior que o do ano pasado na súa tramitación e que millares de familias viguesas continúen na incerteza de se van poder levar ou non as súas crianzas ao comedor do seu centro educativo o vindeiro curso?

**26.2.(144).** Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martin Peña. ¿Cales son os motivos polo que o goberno local ten rexeitado celebrar os actos institucionais do Dia de Galicia en Vigo neste 2024, do mesmo xeito que tampouco o fixo a ano pasado?.

**ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL**

```
Asunto     : Pleno ordinario xullo 24
```

```
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano      : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 29 de Julio de 2024 09:06:22
Fecha Fin   : Lunes, 29 de Julio de 2024 12:03:38
Duración    : 02:57:16

- HTML
------------------------------------------------------------------------------
https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3466


- Media (MASTER)
--------------------------------------------------------------------

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.3 GiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/fTbWr9NfU3cClsNXBXdQN79s9p5r41t2u3gYOp68i
1Dq1tw5.wmv
SHA512 - 67c35a55300fd8373fb2e555f0b80e5cabb3fe7160f33c855beaf11c5520a2ef6ec902a
6243d6f728f7f619f409e509454c24cce34ff83723c2bb746b02c295d

- Media (PROXYS)
--------------------------------------------------------------------

[1] Video H264, 480p, Stereo, 979 MiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/2GBKSnlLPaFHvDxfjRbmHInD6jNq5hXCo1PhJEruL
HCnyjbH.mp4
SHA512 - 236d39f1a3232d7f4426438f12478235e16d364c665b088671658008029da210b205e1f
b9490bf52105b2748566d665a1d7738932e3acc6117b41c5a026fdcb6

- Minutaje
--------------------------------------------------------------------------

00:00:01   - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario;
             Oradora invitado; Asiento 5; Silva Rego, Carmen; Espinosa
             Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas
             González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez,
             Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.ª del Carmen;
             Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira,
             Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño,
             Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María;
             Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín
             Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón,
             Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel;
             Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias,
             Xabier; Remoto;
00:03:16   - Caballero Álvarez, Abel
00:03:52   - -Minuto de silencio-

00:05:43   : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 24 de xuño e extraordinaria do
             19 de xullo de 2024.

00:05:53   : 2. Recoñecemento de compatibilidade para actividade privada
             a persoal municipal en réxime de interinidade. Expte.
             44694/220 (Expte. Pleno 4509/1101). ORZAMENTOS E FACENDA
00:06:12   - Votación [9:12:34]

00:06:27   : 3. Dar conta do informe trimestral de Tesourería sobre o
             cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de
             Vigo, correspondente ao segundo trimestre do ano 2024.
             Expte. 28432/541 (Expte. Pleno 4512/1101). URBANISMO
00:06:51   - Aneiros Pereira, JaimeDescargas
00:11:45   - Caballero Álvarez, Abel
```

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

00:11:58 - Pérez Iglesias, Xabier
00:16:51 - Caballero Álvarez, Abel
00:16:59 - García González, Patricia
00:20:12 - Caballero Álvarez, Abel
00:20:18 - Aneiros Pereira, Jaime
00:23:21 - Caballero Álvarez, Abel

00:23:31 : 4. Aprobación inicial de Crédito Extraordinario financiado con cargo ao Remanente líquido de Tesourería. Expte. 16787/407 (Expte. Pleno 4510/1101).
00:23:46 - Caride Estévez, María José
00:28:53 - Caballero Álvarez, Abel
00:29:03 - Pérez Iglesias, Xabier
00:34:04 - Caballero Álvarez, Abel
00:34:09 - Sanchez Mendez, Luisa María
00:34:18 - Caballero Álvarez, Abel
00:34:23 - Sanchez Mendez, Luisa María
00:35:29 - Caballero Álvarez, Abel
00:35:40 - Caride Estévez, María José
00:38:40 - Caballero Álvarez, Abel
00:39:01 - Votao particular do BNG [9:45:19]
00:39:26 - Votación [9:45:47]

00:39:50 : 5. Aprobación definitiva do Plan Especial de Reforma interior da Unidade de Actuación UA-1 CEAN (Coruxo) prevista no PXOU/93. Expte. 17983/411 (Expte. Pleno 4511/1101). Mocións:
00:40:15 - Caride Estévez, María José
00:43:44 - Caballero Álvarez, Abel
00:43:51 - Pérez Iglesias, Xabier
00:48:28 - Caballero Álvarez, Abel
00:48:37 - Sanchez Mendez, Luisa María
00:50:17 - Caballero Álvarez, Abel
00:50:28 - Caride Estévez, María José
00:53:25 - Caballero Álvarez, Abel
00:53:49 - Votación [9:59:57]
00:54:24 - -Minuto de silencio en memoria das víctimas de violencia machista-

00:55:32 : 6. Moción do grupo municipal do BNG para solicitar o rescate da AP-9 e a súa transferencia a Galiza. Expte. Pleno 4534/1101.
00:55:52 - Pérez Iglesias, Xabier
01:00:49 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:01:02 - Martín Peña, José Miguel
01:06:01 - Silva Rego, Carmen
01:06:30 - López Font, Carlos
01:11:36 - Silva Rego, Carmen
01:11:43 - Pérez Iglesias, Xabier
01:14:42 - Silva Rego, Carmen
01:14:51 - Votación [10:21:12]

01:15:12 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando esixirlle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidade e Formación Profesional que non peche a aula de 4º de Infantil do CEIP Balaídos e sega mantendo a dobre liña educativa. Expte. Pleno 4536/1101.
01:15:37 - Alonso Suarez, María Olga
01:20:46 - Silva Rego, Carmen
01:20:52 - Martínez Piñeiro, Ana
01:25:40 - Silva Rego, Carmen
01:25:46 - Benavides Alonso, Daniel
01:30:46 - Silva Rego, Carmen
01:30:57 - Alonso Suarez, María Olga
01:34:07 - Silva Rego, Carmen
01:34:16 - Votación [10:40:37]

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

01:34:32 : 8. Moción do grupo municipal Socialista, rexeitando o intento da Xunta de Galicia de subirnos a taxa de SOGAMA de forma desproporcionada, manter o canon actual e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4537/1101.
01:34:32 - Silva Rego, Carmen
01:34:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:39:57 - Silva Rego, Carmen
01:40:08 - Pérez Iglesias, Xabier
01:45:00 - Silva Rego, Carmen
01:45:07 - Gonzalez Abeijón, Fernando
01:49:45 - Silva Rego, Carmen
01:49:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:52:57 - Silva Rego, Carmen
01:53:11 - Silva Rego, Carmen
01:53:17 - Votación [10:59:38]

01:53:32 : 9. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a incrementar de forma inmediata os recursos humanos na área sanitaria de Vigo, nas especialidades de saúde mental. Expte. Pleno 4538/1101.
01:53:53 - Espinosa Mangana, Elena
01:58:52 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
01:59:00 - Pérez Iglesias, Xabier
02:04:03 - Silva Rego, Carmen
02:04:12 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:09:02 - Silva Rego, Carmen
02:09:10 - Espinosa Mangana, Elena
02:12:17 - Silva Rego, Carmen
02:12:22 - Votación [11:18:43]

02:12:32 : 9. BIS Moción de Urxencia do Grupo Socialista
02:12:43 - -Moción de urxencia-
02:13:02 - Pérez Iglesias, Xabier
02:14:10 - Silva Rego, Carmen
02:14:19 - Votación [11:20:40]
02:14:54 - Aneiros Pereira, Jaime
02:19:13 - Silva Rego, Carmen
02:19:50 - Aneiros Pereira, Jaime
02:21:00 - Silva Rego, Carmen
02:21:07 - Pérez Iglesias, Xabier
02:22:00 - Silva Rego, Carmen
02:22:06 - García González, Patricia
02:27:08 - Silva Rego, Carmen
02:27:45 - Aneiros Pereira, Jaime
02:30:50 - Silva Rego, Carmen
02:30:58 - Votación [11:37:20]

02:31:22 : 10. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando ao Concello de Vigo, orzamentar e acometer de xeito urxente a reforma integral comprometida no 2010 da rúa Cesáreo Vázquez, renovando o pavimento e as tubaxes das acometidas. Expte. Pleno 4535/1101.
02:31:45 - Martín Peña, José Miguel
02:36:40 - Silva Rego, Carmen
02:36:50 - Abalde Comesaña, Filipe
02:41:53 - Silva Rego, Carmen
02:42:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:44:24 - Silva Rego, Carmen
02:45:02 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:47:33 - Silva Rego, Carmen
02:47:46 - Martín Peña, José Miguel
02:50:47 - Silva Rego, Carmen
02:50:52 - Votación [11:57:13]

02:51:25 : 11. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 17/06/24 e o 21/07/24 , incluidas no expediente 1713/1102 (Expte. Pleno 4540/1101)

02:51:40 : 12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 17/06/24 e o 21/07/24, incluidas no expediente 1714/1102 (Expte. Pleno 4541/1101)

02:51:54 : 13. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de modificación dos membros da Xunta de Goberno Local. Expte. 1485/1102 (Expte. Pleno 4513/1101).

02:52:05 : 14. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de nomeamento Tenentes de Alcalde. Expte. 1488Descargas/1102 (Expte. Pleno 4514/1101).

02:52:19 : 15. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4515/1101).

02:52:35 : 16. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde no Segundo Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4516/1101).

02:52:48 : 17. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Fondos Europeos, Medio Ambiente, Educación e Normalización Lingüística. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4517/1101)

02:53:04 : 18. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas empresas. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4518/1101).

02:53:17 : 19. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4519/1101).

02:53:34 : 20. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4520/1101).

02:53:50 : 21. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, de delegación de competencias específicas do Alcalde na concelleira da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais. Expte. 1499/1102 (Expte. Pleno 4521/1101).

02:54:06 : 22. Dar conta do acorda da Xunta de Goberno Local, de data 28.06.24, de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e nos concelleiros/as delegados/as. Expte. 1483/1102 (Expte. Pleno 4522/1101).

02:54:26 : 23. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 28.06.24, da estrutura da Administración do Concello de Vigo. Delegación de

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado

competencias (20232027). Expte. 1482/1102 (Expte. Pleno 4523/1101).

02:54:40 : 24. Dar conta da Resolución da Alcaldía, de data 1.07.24, da estrutura da Administración do Concello de Vigo. Delegación de competencias (20232027). Expte. 1482/1102 (Expte. Pleno 4524/1101).

02:54:53 : 25. Formulación de rogos.
02:55:03 - Martínez Piñeiro, Ana
02:55:41 - Martín Peña, José Miguel
02:55:57 - Silva Rego, Carmen

02:56:03 : 26. Formulación de preguntas.
02:56:08 - Abalde Comesaña, Filipe
02:56:32 - Silva Rego, Carmen
02:56:42 - Martín Peña, José Miguel
02:56:53 - Silva Rego, Carmen

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás doce horas e cinco minutos (12:05) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 2/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
sc

| A PRESIDENCIA | O SECRETARIO XERAL DO PLENO |
|---|---|
| Mª Carmen Silva Rego | Jose Villán Fuertes |
| Abel Caballero Álvarez | |

ASINADO POR: SECRETARIO XERAL DO PLENO - ( JOSÉ VILLÁN FUERTES ) 09/09/2024 14:28:36 | TTE ALCALDE AREA PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA E IGUALDADE - ( MARIA CARMEN SILVA REGO ) 10/09/2024 07:28:31 | ALCALDE - ( ABEL RAMÓN CABALLERO ÁLVAREZ ) 10/09/2024 09:58:39

Documento asinado